

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13322** *ORDE PRE/2042/2007, do 4 de xullo, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros. («BOE» 165, do 11-7-2007.)*

O Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, incorporou ao noso ordenamento a Directiva 97/78/CE, do Consello, do 18 de decembro de 1997, pola que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios dos produtos que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros, e a Directiva 97/79/CE, do Consello, do 18 de decembro de 1997, pola que se modifican as directivas 71/118/CEE, 72/462/CEE, 85/73/CEE, 91/67/CEE, 91/492/CEE, 91/493/CEE, 92/45/CEE e 92/118/CEE polo que se refire á organización de controis veterinarios dos produtos que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros.

Co fin de prever as necesarias actualizacións na normativa comunitaria, con motivo da adhesión de Romanía e Bulgaria á Unión Europea, a Directiva 2006/104/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da agricultura (lexislación veterinaria e fitosanitaria) con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía, modificou diversas directivas, incluída a Directiva 97/78/CE, do Consello, do 18 de decembro de 1997, para incluír no territorio alfandegueiro comunitario os dous novos Estados membros.

Mediante esta orde incorpórase ao noso ordenamento o punto 13.b) da parte I do anexo da Directiva 2006/104/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, que faculta os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Economía e Facenda, para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións necesarias para a actualización dos seus anexos.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo I do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros.*

O anexo I do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, substitúese polo que figura como anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de xullo de 2007.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

## ANEXO

### «ANEXO I

#### Territorios

1. Reino de Bélxica.
2. República de Bulgaria.
3. República Checa.
4. Reino de España, excepto Ceuta e Melilla.
5. República Federal de Alemaña.
6. República de Estonia.
7. República Helénica.
8. Reino de Dinamarca, excepto as Illas Feroe e Groenlandia.
9. República Francesa.
10. Irlanda.
11. República Italiana.
12. República de Chipre.
13. República de Letonia.
14. República de Lituania.
15. Gran Ducado de Luxemburgo.
16. República de Hungría.
17. República de Malta.
18. Reino dos Países Baixos en Europa.
19. República de Austria.
20. República de Polonia.
21. República Portuguesa.
22. Romanía.
23. República de Eslovenia.
24. República Eslovaca.
25. República de Finlandia.
26. Reino de Suecia.
27. Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte.»

## XEFATURA DO ESTADO

**13408** *LEI 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. («BOE» 166, do 12-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Existe unha radical incompatibilidade entre deporte e violencia, calquera forma de violencia, incluída a verbal ou aquela máis sutil, fundamentada na trampa, o engano e o desprezo do xogo limpo. Desde hai décadas esta idea central orienta o traballo que, de xeito concertado, están a desenvolver a Unión Europea e as súas institucións, os poderes públicos competentes en materia de deporte de cada un dos seus países membros, así como o Comité Olímpico Internacional e as distintas organizacións que conforman o sistema deportivo internacional. O obxectivo central que cohesiona a acción diversificada de tan amplo espectro de actores públicos e privados é erradicar a violencia do deporte, ademais de previr, controlar e sancionar con rigor calquera manifestación violenta no ámbito da actividade deportiva, moi especialmente cando

adquire connotacións de signo racista, xenófobo ou intolerante.

A pesar diso e nun sentido amplo, a violencia consiste en aplicar a forza sobre o contorno. Por iso, o deporte comporta sempre e en diversa medida violencia, en canto uso da forza, que se aplica ben sobre os elementos (terra, auga e aire), ou ben sobre as persoas que debeñen adversarios no ámbito deportivo. A violencia no deporte, aplicada de conformidade coas súas regras, supón unha aplicación autorizada da forza. Pola contra, se a forza se aplica contravindo as normas deportivas, constitúe unha infracción ou unha agresión antirreglamentaria. Así, é o propio mundo do deporte o que, ao establecer as súas regras en cada modalidade, determina o nivel de violencia aceptable e cando esta aplicación de forza é inadmisíbel por ser contraria aos regulamentos deportivos. Neste ámbito, un primeiro obxectivo das institucións públicas é promover que o propio ámbito deportivo, mediante a súa propia autorregulación, xestione e limite a aplicación da forza no deporte, de xeito que o seu uso sexa compatible co respecto á persoa e cunha conciencia social avanzada.

Polo demais, a violencia no deporte é un elemento estreitamente relacionado co espectáculo, pola propia atracción que xera o fenómeno da violencia. Esta, por eses motivos, ten a miúdo unha gran repercusión nos medios de comunicación, que, en ocasións, reproducen ata a saciedade incidentes violentos, quer de palabra, quer de feito. Esta presenza da violencia deportiva nos medios de comunicación chega a abafar, cando non a pór en dúbida ou a contradicir, os valores intrínsecos do deporte como referente ético e de comportamentos.

A realidade da violencia no deporte e a súa repercusión nos medios de comunicación é un reflexo da clara permisividade social da violencia, permisividade que se retroalimenta coa intervención de todos os axentes do contorno deportivo sobre a base inicial da aplicación regulamentaria ou non da forza no deporte e do encontro entre adversarios, sexan deportistas, técnicos ou dirixentes.

Así, o fenómeno da violencia no deporte na nosa sociedade é un fenómeno complexo que supera o ámbito propiamente deportivo e obriga as institucións públicas a adoptar medidas que fomenten a prevención e incidan no control cando non na sanción dos comportamentos violentos. Unha xestión axeitada da violencia comporta un enfoque global, fundado nos dereitos e liberdades fundamentais, na limitación do risco e a dos bens e das persoas. Sobre estes principios, á marxe de fomentar unha adecuada xestión e autorregulación polo propio mundo do deporte, as institucións públicas deben prover o mundo do deporte do marco legal adecuado que permita a persecución de danos e agresións, a atribución das responsabilidades civís que correspondan e a adopción das medidas de seguranza.

A violencia no deporte é, polo demais, unha aprendizaxe que se inicia nas categorías inferiores incidindo de xeito directo no proceso de educación infantil e xuvenil. Un enfoque global contra o fenómeno da violencia no deporte comporta así mesmo a cooperación entre todas as administracións públicas e o respecto ao ámbito das súas competencias específicas, en tanto que o tratamento deste fenómeno supón a concorrencia de diversas administracións, tanto no ámbito deportivo como no da seguranza e no dos espectáculos públicos.

Do mesmo xeito, a preocupación por fomentar a dimensión social do deporte como educador en valores forma parte, tamén, do acervo común europeo á hora de promover iniciativas conxuntas dos poderes públicos e das organizacións deportivas para lograr que o deporte sexa unha escola de vida e de tolerancia, especialmente na infancia, na adolescencia e para a xuventude, que eduque e non deforme.

Un encontro en que prime o espírito dunha competición xusta, limpa e entre iguais, no canto da trampa, o engano e a violencia.

En España e en Europa, o deporte, en suma, é unha actividade de persoas libres, nunha sociedade aberta, baseada no respecto á diversidade e á igualdade entre as persoas. Por esta razón, e de modo singular, o marco deportivo da competición profesional no marco do deporte profesional e de alta competición está obrigado a ser un referente ético en valores e en comportamentos para o conxunto da sociedade.

Neste terreo da educación en valores –especialmente o olimpismo como filosofía de vida–, o exemplo persoal é o que máis conta e inflúe na mocidade deportista e no conxunto da sociedade. A potencialidade do deporte na súa dimensión formativa é enorme: polo seu carácter lúdico e atractivo, pero tamén pola súa condición de experiencia vital, na cal os seus practicantes se senten protagonistas e asemade reforzan as súas relacións interpersoais e poñen en xogo afectos, sentimentos, emocións e identidades, con moita máis facilidade que noutras disciplinas.

Por estas razóns, a práctica deportiva é un recurso educativo, que xera un contexto de aprendizaxe excepcionalmente idóneo para o desenvolvemento de competencias e calidades intelectuais, afectivas, motoras e éticas, que lles permite aos máis novos transferir o aprendido no deporte a outros ámbitos da vida cotiá. Esta dimensión contrastada do deporte fai del unha ferramenta educativa particularmente útil para lles facer fronte a fenómenos inquietantes e ameazas comunitarias, como son o aumento das condutas antisociais; a existencia de actitudes vandálicas e a barbarie entre a mocidade; o incremento de actitudes e de comportamentos racistas e xenófobos; a marxinación académica e o fracaso escolar; o consumo de drogas e alcohol; ou o avance preocupante do sedentarismo e da obesidade a idades cada vez máis temperás.

O acervo comunitario europeo para erradicar a violencia do deporte está asentado na convicción de que son os cidadáns no seu conxunto, é dicir, todas e cada unha das persoas que a integran, os que teñen a obriga de contribuír, cada cal desde o seu respectivo ámbito de competencias, a que os estadios, as instalacións deportivas e os espazos ao aire libre para a actividade física, sexan lugares abertos, seguros, incluíntes e sen barreiras. Un espazo de encontro en que deportistas profesionais e afeccionados espectadores e directivos, así como o resto de axentes que conforman o sistema deportivo español respecten os principios da ética deportiva e o dereito das persoas á diferenza e á diversidade.

Ningunha raza, relixión, crenza política ou grupo étnico se pode considerar superior ás demais. Neste aspecto, o que ocorra no deporte debe reflectir os valores en que se sustenta a nosa convivencia democrática.

O éxito imparabile do deporte como fenómeno social tamén posibilita multiplicar a súa dimensión como factor de integración enormemente efectivo. O deporte é unha linguaxe universal que se entende en todos os idiomas; por iso constitúe en sociedades multiétnicas un poderoso factor de integración intercultural, que favorece o desenvolvemento de identidades múltiples e incluíntes, que reforzan a cohesión e a convivencia social de sociedades pluralistas e complexas.

## II

A mediados da década dos anos 80 do século pasado, unha serie de sucesos lutosos marcan o punto máximo de tensión xerado en Europa por manifestacións violentas no deporte. No estadio Heysel de Bruxelas, en 1985, a final da copa de Europa que xogaban os equipos da Juventus e o Liverpool acabou en traxedia.

Ese mesmo ano, pouco tempo antes, un incendio no estadio inglés de Bradford provocou o pánico con resultado de morte e feridos nas bancadas durante o encontro. Catro anos despois, repetíase a traxedia durante un partido de fútbol entre os equipos ingleses do Liverpool e o Nottingham Forest. Neses mesmos anos, noutras latitudes, como en Latinoamérica, tamén houbo que lamentar terribles traxedias colectivas cun saldo de centos de mortos.

Estas tráxicas circunstancias, que tamén tiveron reflexo no noso país en varios sucesos lamentables, acontecidos dentro e fóra dos estadios, son as que moveron o Consello de Europa a promover a sinatura e ratificación polos seus países membros dun Convenio internacional sobre a violencia, seguranza e irrupcións de espectadores con motivo de manifestacións deportivas e, especialmente, partidos de fútbol. Este instrumento xurídico contra a violencia no deporte é o referente en vigor máis importante e de maior alcance do dereito público internacional para afrontar con garantías de éxito a loita dos poderes públicos e das organizacións deportivas contra esta praga social.

O Convenio internacional sobre a violencia no deporte do Consello de Europa foi complementado a partir do ano 2000 mediante unha resolución sobre a prevención do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte, ademais de dúas recomendacións do seu comité permanente acerca do papel das medidas sociais e educativas na prevención da violencia no deporte, así como a edición dun manual de referencia ao respecto, susceptible de ser adaptado ás distintas realidades nacionais europeas.

Así mesmo, outra norma de referencia na materia obxecto desta lei é a Convención internacional sobre a eliminación de todas as formas de discriminación racial, que adoptou a Asemblea Xeral de Nacións Unidas, por Resolución do 21 de decembro de 1965, ratificada por España o 13 de setembro de 1968. De igual maneira, é de aplicación neste ámbito a directiva da Unión Europea 2000/43, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre as persoas, independentemente da súa orixe racial ou étnica, trasposta no noso ordenamento xurídico mediante a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e da orde social.

Pola súa parte, en España, unha comisión de estudo no Senado realizou a partir de 1988 un gran labor parlamentario de documentación e diagnóstico do problema da violencia nos espectáculos deportivos. Os seus traballos plasmáronse nunha serie de recomendacións, aprobadas cun amplo consenso das forzas políticas do arco parlamentario e que marcarán a pauta dos desenvolvementos lexislativos e actuacións levadas a cabo na década seguinte.

### III

A aprobación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, supuxo para o sistema deportivo do noso país un punto de referencia inescusable, tamén no referente á loita contra a violencia no deporte. En efecto, os seus títulos IX e XI regulan, respectivamente, a prevención da violencia nos espectáculos deportivos e a disciplina deportiva, e sentan así as bases dun posterior desenvolvemento regulamentario que lle permitiu a España converterse nun referente internacional á hora de deseñar políticas integrais de seguranza de grandes acontecementos deportivos e un exemplo de como poden colaborar moi estreitamente nesta materia responsables públicos, organizacións deportivas e os corpos e forzas de seguranza do Estado.

Merece destacarse o labor desenvolto neste ámbito pola Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos, posta en marcha mediante Real decreto 75/1992, do 31 de xaneiro, tanto polos logros acadados en illar e sancionar os comportamentos violentos e antide-

portivos dentro e fóra dos estadios, como pola efectividade das súas iniciativas na coordinación de cantos actores interveñen na celebración de acontecementos deportivos. Os seus informes anuais fixeron posible manter alerta e mellorar de maneira moi substancial os dispositivos de seguranza que desde hai máis dunha década están operativos e veñen actuando contra esta eiva anti-deportiva.

Pola súa parte, o Real decreto 769/1993, do 21 de maio, polo que se aproba o Regulamento para a prevención da violencia nos espectáculos deportivos, sentou as bases para unha estreita colaboración no seo da Comisión Nacional contra a Violencia nos Espectáculos Deportivos, que vén desenvolvéndose de xeito eficaz, entre o Consello Superior de Deportes, o Ministerio do Interior, os corpos e forzas da seguranza do Estado dependentes do Ministerio do Interior e as entidades deportivas, e con quen ten a responsabilidade en materia da seguranza e a coordinación da seguranza dos clubs de fútbol. A Dirección Xeral da Policía constituíu na Comisaría Xeral de Seguranza Cidadá unha Oficina Nacional de Deportes, que é a encargada de centralizar o conxunto de actuacións policiais relacionadas coa prevención e persecución de comportamentos violentos nos acontecementos deportivos.

As ordes ministeriais do 31 de xullo de 1997 e do 22 de decembro de 1998 regularon o funcionamento do Rexistro Central de Sancións impostas por infraccións contra a seguranza pública en materia de espectáculos deportivos, así como as unidades de control organizativo para a prevención da violencia nestes acontecementos. Iso permitiu elaborar protocolos de actuación dos operativos policiais, que posibilitan un despregamento específico dos seus efectivos e recursos en cada un dos estadios. É obrigatorio que estes contén cun dispositivo de vixilancia permanente mediante videocámaras, que permite localizar, identificar e sancionar as persoas autoras de actos violentos.

Desde a temporada 1997/98, o investimento realizado nos estadios de fútbol españois en medidas de seguranza achégase aos 200 millóns de euros. O financiamento destas medidas levouse a cabo, principalmente, con recursos públicos. A Administración xeral do Estado destina unha porcentaxe do 10 por cento dos ingresos das quinielas deportivas a subvencionar os gastos derivados de instalar e manter operativos dispositivos estáticos de seguranza e de vixilancia audiovisual nos estadios dos clubs da Liga Nacional de Fútbol Profesional.

Finalmente, a Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou diversos artigos dos títulos IX e XI da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e actualizou o contido e as sancións dalgúns dos preceptos existentes para previr e castigar calquera tipo de condutas violentas no ámbito do deporte e da práctica deportiva na súa máis ampla acepción.

O 24 de xullo de 2002, o Ministerio do Interior, o Consello Superior de Deportes, a Real Federación Española de Fútbol, a Liga Nacional de Fútbol Profesional e a Asociación de Futbolistas Españois subscribiron un documento denominado «Compromiso contra a violencia no deporte», que recollía as liñas mestras, plans e actuacións do Goberno para previr e combater a violencia e o racismo asociados ao deporte.

### IV

Mentres que, na loita contra a violencia no deporte e nos espectáculos deportivos, España conta cunha dilatada experiencia e dispón de instrumentos normativos para apoiar estas actuacións, existe unha inadecuación da lexislación actual para adoptar medidas de prevención e de sanción contra actos violentos con motivacións racistas ou xenófobas, así como contra comportamentos e actitudes racistas, xenófobas e intolerantes en acontece-



mentos deportivos. Esta lei pretende regular nun só texto legal todas as medidas de loita contra a violencia, o racismo, a xenofobia, o antisemitismo e a intolerancia ou calquera outra manifestación inaceptable de discriminación das persoas, partindo da experiencia na loita contra a violencia no deporte. De feito, existe unha preocupación cada vez maior entre responsables públicos, entidades deportivas e xogadores ante a reiteración de incidentes de signo racista que veñen escurecer a celebración de partidos de fútbol, tanto de clubs como das propias seleccións nacionais.

Para garantir a convivencia nunha sociedade democrática como a española, integrada por persoas de orixes distintas e á cal se seguirán incorporando persoas de todas as procedencias, é preciso loitar contra toda manifestación de discriminación pola orixe racial ou étnica das persoas. Un dos ámbitos que debe abranger a actuación contra a discriminación por estes motivos é o do deporte, polo seu papel educativo e a súa capacidade de transmitir valores de tolerancia e respecto.

Se as persoas que practican o fútbol profesional non saben desde hai anos de razas, de fronteiras, de linguas ou da cor de pel, por entenderen que son factores de enfrontamento e de discriminación alleos ao deporte, sería moi inxusto e irresponsable asistir impasibles a como se reproducen esas mesmas barreiras entre os afeccionados.

Tal e como recolleu o programa de acción aprobado na Conferencia mundial contra o racismo, a discriminación racial, a xenofobia e as formas conexas de intolerancia, celebrada o ano 2001 en Sudáfrica, convocada por Nacións Unidas baixo os auspicios do Comité Olímpico Internacional, se «ístanse os Estados para que, en cooperación coas organizacións intergubernamentais, co Comité Olímpico Internacional e as federacións deportivas internacionais e nacionais, intensifiquen a súa loita contra o racismo no deporte, educando a xuventude do mundo a través do deporte practicado sen discriminacións de ningún tipo e dentro do espírito olímpico que require comprensión humana, tolerancia, xogo limpo e solidariedade».

Seguindo esta recomendación, tanto a Federación Internacional de Fútbol Asociado como a Federación Europea de Fútbol Asociado esforzáronse de maneira moi decidida en promover a igualdade de trato das comunidades étnicas e grupos de inmigrantes, co obxectivo de reafirmar a condición do fútbol como un deporte universal, un espectáculo aberto á participación de todas as persoas, xa sexa como xogadores ou como espectadores, sen ningún temor e con garantías de non ser insultados, acosados ou discriminados pola súa orixe, pola color da pel, pola súa orientación sexual ou polas súas crenzas relixiosas.

O Congreso extraordinario da Federación Internacional de Fútbol Asociado, celebrado en Buenos Aires a mediados de 2001, considerando o racismo como unha forma de violencia que comporta a realización de actos discriminatorios e irrespectuosos, baseados principal pero non exclusivamente en dividir as persoas segundo a súa color, etnia, relixión ou orientación sexual, instou todas as federacións nacionais e as confederacións continentais a pór en marcha unha acción continuada contra o racismo e acordou a celebración dun día universal da Federación Internacional de Fútbol Asociado contra o racismo no fútbol, como parte integrante da campaña a favor do xogo limpo.

Así mesmo, a Federación Internacional de Fútbol Asociado aprobou un manifesto contra o racismo en que exige, a cantos dunha ou outra maneira participan do deporte do fútbol en calquera país do mundo, «unha acción concertada de intercambio de información e experiencias que sirva para combater efectiva e decisivamente todas as manifestacións de racismo no noso deporte, mediante a denuncia e a sanción de toda persoa que se mostre indulxente con calquera manifestación racista».

Por outra parte, distintos profesionais da historia e da socioloxía do deporte, que estudaron a incidencia nel dos comportamentos violentos de signo racista, xenófobo e intolerante, coinciden na importancia decisiva que ten o clima de violencia e de permisividade ante as súas manifestacións percibido por deportistas e espectadores. Se o clima social en que se desenvolve a actividade deportiva é permisivo con respecto a manifestacións explícitas ou implícitas de violencia física, verbal ou xestual, tanto deportistas como espectadores terán unha maior propensión a se comportar de xeito violento, pois na súa percepción irrespectuosa do outro, do adversario, usar contra el a violencia ou facer trampas para lle gañar non é percibido como algo rexeitable e punible, que atenta contra a dignidade do outro e de nosoutros mesmos.

Máis en concreto, a responsabilidade de pais e nais, educadores, adestradores, dirixentes federativos, clubs deportivos e responsables públicos é decisiva á hora de establecer un compromiso continuado co xogo limpo no deporte, coa renuncia a facer trampas nel e a agredir de calquera forma o adversario. Só deste xeito se logrará arraigar a convicción ética de que gañar a calquera prezo é tan inaceptable no deporte como na vida social.

Tamén hai unha ampla coincidencia, entre persoas expertas de distintas disciplinas que estudaron o fenómeno da violencia no deporte, á hora de sinalar que non se poden entender as súas manifestacións como explosións de irracionalidade, nin como simples condutas individuais desviadas, que encontran expresión por medio do anonimato enmascarador dun acto de masas. Por iso, os valores constitucionais que con tanto esforzo recolemos na Constitución e desenvolvemos no noso país, deben ser defendidos e respectados, neste ámbito tamén, como parte substancial da norma que permite a convivencia pacífica entre os cidadáns, pois a erradicación deste tipo de condutas violentas no deporte é un dos antídotos máis eficaces contra calquera outro tipo de fanatismo e de intolerancia intelectual ante a diversidade.

Non obstante, para favorecer esta perspectiva é requisito indispensable remover calquera obstáculo, ben sexa de carácter xurídico ou ben práctico, que discrimine a práctica deportiva dos inmigrantes e as súas familias en asociacións, clubs, federacións e escolas deportivas municipais, así como o acceso a calquera instalación deportiva nas mesmas condicións que o resto da poboación.

Favorecer a diversidade no deporte e o respecto social a esa diversidade de etnias, acentos, orixes, credos ou orientacións sexuais é unha forma intelixente de favorecer o pluralismo político e social. Ademais, posibilita que moita xente entenda mellor as razóns de por que o pluralismo é un dos valores superiores do ordenamento xurídico da nosa Constitución democrática.

Conscientes da necesidade de atallar calquera abrocho de comportamentos racistas, xenófobos ou intolerantes no fútbol español, o Consello Superior de Deportes propúxolle á Comisión Nacional Antiviolenencia a posta en marcha dun Observatorio da Violencia, o Racismo e a Xenofobia no Deporte, que comezou a funcionar hai máis dun ano.

A seguir, o Consello Superior de Deportes convocou todos os estamentos do fútbol español para subscribir un protocolo de actuacións contra o racismo, a xenofobia e a intolerancia no fútbol, que se asinou o 18 de marzo de 2005. Nel están detalladas 31 medidas concretas, que se proxectan para intervir, simultaneamente, nos ámbitos da prevención, do control e da sanción deste tipo de condutas. Todos os clubs de fútbol de primeira e de segunda división, a Real Federación Española de Fútbol, a Liga de Fútbol Profesional, así como os representantes dos xogadores, árbitros, adestradores e grupos de persoas afeccionadas subscribiron este protocolo de actuacións. Así mesmo, representantes da Secretaría de Estado de Inmi-

gración e Emigración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e do Ministerio do Interior asinaron o protocolo de actuacións.

Así mesmo, nesta liña de preocupación e compromiso coa erradicación de comportamentos violentos, racistas, xenófobos e intolerantes no deporte, sitúase tamén o Senado coa creación da Comisión especial de estudo para erradicar o racismo e a xenofobia do deporte español, que desenvolveu un intenso e frutífero traballo.

Coa aprobación desta lei, as Cortes Xerais reforzan a cobertura legal sancionadora e a idoneidade social dunha iniciativa como o mencionado protocolo, que fai visible e operativo o compromiso existente entre todos os sectores do fútbol español para actuar unidos en defensa do xogo limpo e en contra da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia.

## V

Na elaboración da lei, tomouse a opción de elaborar unha definición daqueles ilícitos que conforman as condutas susceptibles de sanción. Esta definición serve de referencia para a delimitación dos respectivos ámbitos de responsabilidade en que se concretan os tipos infractores en relación coas definicións establecidas.

O esquema desta lei asume a opción de integrar nun único texto un conxunto de disposicións e de preceptos tipificadores de infraccións e sancionadores, que aparecían dispersos nas normas deportivas logo das sucesivas reformas introducidas no noso ordenamento xurídico, especificamente, en materia de prevención e sanción da violencia no deporte.

A opción tomada implica sistematizar e ordenar as obrigas xerais e particulares nesta materia, así como o réxime aplicable ao seu incumprimento e as cuestións relacionadas co ámbito da seguranza pública nos acontecementos deportivos, que é remitida, neste punto, á normativa sobre violencia no deporte e á disciplina deportiva común. Esta opción de técnica lexislativa permite fundir nun único texto legal o conxunto de preceptos, calquera que sexan os actores que interveñan nas condutas obxecto de sanción. En consecuencia, xa sexan estes os propios deportistas e demais persoas vinculadas á organización deportiva mediante unha licenza federativa ou xa se trate, unicamente, de persoas que acoden aos acontecementos deportivos e respecto das cales a seguranza neles resulta exixible ás distintas administracións públicas.

Esta sistematización parte, por tanto, dunha nova regulación das condutas violentas e da definición das que, para os efectos desta lei, se poden considerar como racistas, xenófobas e intolerantes. Procurouse unha ordeación da normativa existente e, sobre todo, procedeuse á súa actualización en razón aos feitos e circunstancias que revestiron aquelas condutas nos últimos anos.

A partir deste esquema, a lei reordena o compromiso dos poderes públicos no impulso de políticas activas contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia, ademais de afrontar con detalle a determinación dun réxime sancionador, cuxos tipos e sancións se diferenciaron segundo as distintas persoas que asumen as respectivas obrigas neles.

Por outra banda, procedeuse a reunificar nesta lei, á marxe, por tanto, da regulación común realizada na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, un réxime sancionador actualizado e referido, exclusivamente, ás condutas que inciden en comportamentos violentos, racistas, xenófobos ou intolerantes. Conséguese así, desde unha visión de conxunto, superar algunhas das actuais disfuncións na aplicación conxunta de ambos os ordenamentos, o puramente deportivo e o de seguranza cidadá que, aínda que convivían polo de agora nun mesmo texto normativo,

teñen un fundamento diferente e unhas regras tamén distintas, de concepción e de aplicación.

## VI

A estrutura da Lei contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte conta cunha exposición de motivos, un título preliminar, catro títulos, oito disposicións adicionais, unha disposición transitoria, outra disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No título preliminar de disposicións xerais queda definido o obxecto e ámbito de aplicación da lei, así como as definicións do que se entende, para os efectos do previsto nesta lei, por condutas constitutivas de actos violentos ou de incitación á violencia no deporte; condutas constitutivas de actos racistas, xenófobos ou intolerantes no deporte; persoas organizadoras de competicións e de espectáculos deportivos; e deportistas.

No título primeiro, os seis capítulos en que está estruturado regulan a prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia en competicións e espectáculos deportivos. En concreto, detállanse responsabilidades e obrigas tanto dos organizadores coma do público asistente ás competicións e aos espectáculos deportivos, ademais de establecer unha serie de preceptos sobre dispositivos de seguranza, medidas provisionais para o mantemento da seguranza e a orde pública neste tipo de acontecementos, medidas de apoio á convivencia e á integración interracial no deporte, así como as funcións de distinto carácter que debe realizar a nova Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, que substituirá a Comisión Nacional para a Prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos ata agora existente.

No título segundo da lei establécese o réxime sancionador previsto para as condutas violentas, racistas, xenófobas e intolerantes no deporte. Os catro capítulos deste título afrontan a regulación de infraccións, de sancións, da responsabilidade derivada de determinadas condutas e dos seus criterios modificativos, ademais de cuestións competenciais e de procedemento.

O título terceiro regula o réxime disciplinario deportivo establecido contra estas condutas e detalla nos seus tres capítulos o ámbito de aplicación, as infraccións e sancións ou o réxime xurídico adicional para o exercicio da potestade sancionadora.

Pola súa parte, o título cuarto regula, de forma común aos títulos II e III e asumindo como presuposto o recoñecemento expreso do principio *non bis in idem*, aspectos relativos á articulación dos réximes sancionador e disciplinario, así como as solucións aplicables á posible concorrencia de ambos os réximes.

Polo demais, as disposicións adicionais, a transitoria, a derogatoria e as derradeiras deste texto obedecen ás finalidades que lle son propias en técnica lexislativa. En concreto, as disposicións adicionais refírense ao desenvolvemento regulamentario da lei, ás habilitacións regulamentarias ás entidades deportivas e normas de aplicación inmediata, á actualización das contías das multas ou ao fomento da cooperación deportiva internacional para a prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte.

Pola súa banda, a disposición transitoria establece o funcionamento da actual Comisión Nacional para a Prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos na totalidade das súas funcións e competencias ata a creación e efectiva posta en funcionamento da Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia prevista nesta lei. Pola súa vez, a disposición derogatoria especifica aqueles preceptos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, que quedan derogados.

Por último, as disposicións derradeiras detallan os títulos competenciais a cuxo abeiro se dita esta lei, así como as previsións legais para a súa entrada en vigor.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da lei.*

1. O obxecto desta lei é a determinación dun conxunto de medidas dirixidas á erradicación da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte. Para este fin, a lei ten como obxectivo:

a) Fomentar o xogo limpo, a convivencia e a integración nunha sociedade democrática e pluralista, así como os valores humanos que se identifican co deporte.

b) Manter a seguraza cidadá e a orde pública nos espectáculos deportivos con ocasión da celebración de competicións e espectáculos deportivos.

c) Establecer, en relación co deporte federado de ámbito estatal, o réxime disciplinario deportivo aplicable á loita contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

d) Determinar o réxime administrativo sancionador contra os actos de violencia, racismo, xenofobia ou intolerancia en todas as súas formas vinculados á celebración de competicións e espectáculos deportivos.

e) Eliminar o racismo, a discriminación racial así como garantir o principio de igualdade de trato no deporte. Para estes efectos enténdese por racismo e discriminación racial directa e indirecta toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia baseada en motivos de raza, cor, liñaxe ou orixe nacional ou étnica que teña por obxecto ou por resultado anular ou menoscabar o recoñecemento, gozo ou exercicio, en condicións de igualdade, dos dereitos humanos e liberdades fundamentais nas esferas política, económica, social, cultural ou en calquera outra esfera da vida pública.

2. O ámbito obxectivo de aplicación desta lei está determinado polas competicións deportivas oficiais de ámbito estatal, que organicen entidades deportivas no marco da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, ou aquelas outras organizadas ou autorizadas polas federacións deportivas españolas.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos desta lei, e sen prexuízo das definicións que se conteñen noutros textos legais do noso ordenamento e de que as condutas descritas nos números 1 e 2 deste artigo poidan constituir delitos ou faltas tipificadas nas leis penais, enténdese por:

1. Actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte:

a) A participación activa en altercados, rifas, pelexas ou desordes públicas nos recintos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte organizados para acudir a eles, cando tales condutas estean relacionadas cun acontecemento deportivo que se vaia celebrar, se estea celebrando ou se celebre.

b) A exhibición nos recintos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte organizados para acudir a eles de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias en que se exhiban ou utilicen dalgún xeito inciten, fomenten ou axuden á realización de comportamentos violentos ou terroristas, ou constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo.

c) A entoación de cánticos que inciten á violencia, ao terrorismo ou á agresión nos recintos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte organizados para acudir a eles. Igualmente, aqueles que constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo.

d) A irrupción non autorizada nos terreos de xogo.

e) A emisión de declaracións ou a transmisión de informacións, con ocasión da vindeira celebración dunha competición ou espectáculo deportivo, quer sexa nos recintos deportivos, nos seus arredores ou quer nos medios de transporte públicos en que se poidan desprazar aos recintos deportivos, en virtude dos cales se ameacen ou inciten á violencia ou á agresión os participantes ou asistentes a estes encontros, así como a contribución significativa mediante tales declaracións á creación dun clima hostil, antideportivo ou que promova o enfrontamento físico entre os participantes en encontros ou competicións deportivas ou entre asistentes a eles.

f) A facilitación de medios técnicos, económicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos que dean soporte á actuación das persoas ou grupos que promovan a violencia, ou que inciten, fomenten ou axuden aos comportamentos violentos ou terroristas, ou a creación e difusión ou utilización de soportes dixitais utilizados para a realización destas actividades.

2. Actos racistas, xenófobos ou intolerantes no deporte:

a) A realización de actos en que, publicamente ou con intención de ampla difusión, e con ocasión do desenvolvemento dunha proba, competición ou espectáculo deportivo, ou próxima a súa celebración, unha persoa física ou xurídica emita declaracións ou transmita informacións en virtude das cales unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da orixe racial, étnica, xeográfica ou social, así como pola relixión, polas conviccións, pola discapacidade, a idade ou a orientación sexual.

b) As actuacións que, con ocasión do desenvolvemento dunha proba, competición ou espectáculo deportivo ou próxima a súa celebración, ou nos recintos deportivos, nos seus arredores, ou nos medios de transporte públicos en que se poidan desprazar aos recintos deportivos, supoñan acoso, entendendo por tal toda conduta non desexada relacionada coa orixe racial ou étnica, xeográfica ou social, así como coa relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual dunha persoa, que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade e crear un contorno intimidatorio, humillante ou ofensivo.

c) As declaracións, xestos ou insultos proferidos nos recintos deportivos con motivo da celebración de actos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte públicos en que se poidan desprazar a eles, que supoñan un trato manifestamente vexatorio para calquera persoa por razón da súa orixe racial, étnica, xeográfica ou social, así como pola relixión, as conviccións, a discapacidade, a idade, o sexo ou a orientación sexual, así como os que inciten ao odio entre persoas e grupos ou que atenten gravemente contra os dereitos, liberdades e valores proclamados na Constitución.

d) A entoación, nos recintos deportivos con motivo da celebración de actos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte públicos en que se poidan desprazar a eles, de cánticos, sons ou consignas, así como a exhibición de pancartas, bandeiras, símbolos ou outros sinais, que conteñan mensaxes vexatorias ou intimidatorias, para calquera persoa por razón da orixe racial, étnica, xeográfica ou social, pola relixión, as conviccións, a súa discapacidade, a idade, o sexo ou a orientación sexual, así como as que inciten ao odio entre persoas e grupos ou



que atenten gravemente contra os dereitos, liberdades e valores proclamados na Constitución.

e) A facilitación de medios técnicos, económicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos que dean soporte, inciten ou axuden persoas ou grupos de persoas a realizar nos recintos deportivos con motivo da celebración de actos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte públicos en que se poidan desprazar a eles, os actos enunciados nas alíneas anteriores.

f) A facilitación de medios técnicos, económicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos ás persoas e aos grupos que promovan os comportamentos racistas, xenófobos e intolerantes no deporte, así como a creación e utilización de soportes dixitais coa mesma finalidade.

3. Entidades deportivas: os clubs, agrupacións de clubs, entes de promoción deportiva, sociedades anónimas deportivas, federacións deportivas españolas, ligas profesionais e calquera outra entidade cuxo obxecto social sexa deportivo, no marco da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, sempre e cando participen en competicións deportivas dentro do ámbito desta lei.

4. Persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos no ámbito desta lei:

a) A persoa física ou xurídica que organice a proba, a competición ou o espectáculo deportivo.

b) Cando a xestión do encontro ou da competición lla outorgase a persoa organizadora a unha terceira persoa, ambas as partes serán consideradas organizadoras para os efectos da aplicación desta lei.

5. Deportistas: as persoas que dispoñan de licenza deportiva por aplicación dos correspondentes regulamentos federativos, tanto en condición de xogadoras ou competidoras, coma de persoal técnico ou adestradores, árbitros ou xuíces deportivos e outras persoas titulares de licenzas que participen no desenvolvemento da competición deportiva.

## TÍTULO I

### Obrigas e dispositivos de seguranza para a prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia en competicións deportivas

#### CAPÍTULO I

#### Responsabilidades e obrigas de persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos

Artigo 3. *Medidas para evitar actos violentos, racistas, xenófobos ou intolerantes no ámbito de aplicación desta lei.*

1. Con carácter xeral, as persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos deberán adoptar medidas axeitadas para evitar a realización das condutas descritas nos puntos primeiro e segundo do artigo 2, así como para garantir o cumprimento por parte dos espectadores das condicións de acceso e permanencia no recinto que se establecen no capítulo segundo deste título.

2. Correspóndelles, en particular, ás persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos:

a) Adoptar as medidas de seguranza establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

b) Velar polo respecto das obrigas dos espectadores de acceso e permanencia no recinto, mediante os oportunos instrumentos de control.

c) Adoptar as medidas necesarias para o cesamento inmediato das actuacións prohibidas, cando as medidas

de seguranza e control non lograsen evitar ou impedir a realización de tales condutas.

d) Prestarlles a máxima colaboración ás autoridades governativas para a prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte, e daqueles actos que atenten contra os dereitos, liberdades e valores da Constitución, pondo á disposición do coordinador de seguranza os elementos materiais e humanos necesarios e adoptando as medidas de prevención e control establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

e) Facilitarlle á autoridade governativa e, en especial, ao coordinador de seguranza toda a información dispoñible sobre os grupos de seguidores, en canto se refire á composición, organización, comportamento e evolución, así como aos plans de desprazamento destes grupos, axencias de viaxe que utilicen, medios de transporte, localidades vendidas e espazos reservados no recinto deportivo.

f) Dotar as instalacións deportivas onde se celebren espectáculos dun sistema eficaz de comunicación co público, e usalo eficientemente.

g) Colaborar activamente na localización e identificación dos infractores e autores das condutas prohibidas por esta lei.

h) Non proporcionarles nin facilitarlles ás persoas ou aos grupos de seguidores que incorresen nas condutas definidas nos puntos primeiro e segundo do artigo 2 desta lei medios de transporte, locais, subvencións, entradas de balde, descontos, publicidade ou difusión ou calquera outro tipo de promoción ou apoio das súas actividades.

i) Calquera outra obriga que se determine regulamentariamente cos mesmos obxectivos anteriores e, en particular, garantir que os espectáculos que organicen non sexan utilizados para difundir ou transmitir mensaxes ou simboloxía que, a pesar de seren alleas ao deporte, poidan incidir, negativamente, no desenvolvemento das competicións.

3. As causas de prohibición de acceso aos recintos deportivos incorporaranse ás disposicións regulamentarias de todas as entidades deportivas e faranse constar tamén, de forma visible, nos despachos de billetes e nos lugares de acceso ao recinto.

Así mesmo, as citadas disposicións establecerán expresamente a posibilidade de privar dos abonos vixentes e da inhabilitación para obtelos durante o tempo que se determine regulamentariamente as persoas que sexan sancionadas con carácter firme por condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes.

Artigo 4. *Consumo e venda de bebidas alcohólicas e doutro tipo de produtos.*

1. Queda prohibida nas instalacións en que se celebren competicións deportivas a introdución, a venda e o consumo de toda clase de bebidas alcohólicas e de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

2. Os envases das bebidas que se expendan ou introduzan nas instalacións en que se celebren espectáculos deportivos deberán reunir as condicións de rixidez e capacidade que regulamentariamente se estableza, oída a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte.

3. Nas instalacións onde se celebren competicións deportivas queda prohibida a venda de produtos que, no caso de seren guindados, lles poidan producir danos aos participantes na competición ou aos espectadores, polo seu peso, tamaño, envase ou demais características. Regulamentariamente determinaranse os grupos de produtos que son incluídos nesta prohibición.

**Artigo 5. Responsabilidade das persoas organizadoras de probas ou espectáculos deportivos.**

1. As persoas físicas ou xurídicas que organicen calquera proba, competición ou espectáculo deportivo a que se refire o artigo 1 desta lei ou os acontecementos que constitúan ou formen parte destas competicións serán, patrimonial e administrativamente, responsables dos danos e desordes que se puidesen producir pola súa falta de dilixencia ou prevención ou cando non adoptasen as medidas de prevención establecidas nesta lei, todo iso de conformidade e co alcance que se prevé nos convenios internacionais contra a violencia no deporte ratificados por España.

Cando, de conformidade co disposto polo artigo 2.4 desta lei, varias persoas ou entidades sexan consideradas organizadoras, todas elas responderán de xeito solidario do cumprimento das obrigas previstas nesta lei.

2. Esta responsabilidade é independente daquela en que puidesen incurrir no ámbito penal ou no disciplinario deportivo como consecuencia do seu comportamento na propia competición.

## CAPÍTULO II

### Obrigas das persoas espectadoras e asistentes ás competicións e espectáculos deportivos

**Artigo 6. Condicións de acceso ao recinto.**

1. Queda prohibido:

a) Introducir, portar ou utilizar calquera clase de armas ou de obxectos que puidesen producir os mesmos efectos, así como bengalas, petardos, explosivos ou, en xeral, produtos inflamables, fumíferos ou corrosivos.

b) Introducir, exhibir ou elaborar pancartas, bandeiras, símbolos ou outros sinais con mensaxes que inciten á violencia o en virtude dos cales unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, a súa relixión ou conviccións, a súa discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual.

c) Incurrir nas condutas descritas como violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes nos puntos primeiro e segundo do artigo 2.

d) Acceder ao recinto deportivo baixo os efectos de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

e) Acceder ao recinto sen título válido de ingreso.

f) Calquera outra conduta que, regulamentariamente, se determine, sempre que poida contribuír a fomentar condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes.

2. As persoas espectadoras e asistentes ás competicións e espectáculos deportivos quedan obrigadas a se someter aos controis pertinentes para a verificación das condicións referidas no número anterior e, en particular:

a) Ser gravadas mediante circuitos pechados de televisión nos arredores do recinto deportivo, nos seus accesos e no seu interior.

b) Someterse a rexistros persoais dirixidos a verificar as obrigas contidas nas alíneas a) e b) do número anterior.

3. Impediráse a entrada a toda persoa que incorra en calquera das condutas sinaladas no número anterior, mentres non depoña a súa actitude ou estea incurso nalgún dos motivos de exclusión.

**Artigo 7. Condicións de permanencia no recinto.**

1. É condición de permanencia das persoas espectadoras no recinto deportivo, nas celebracións deportivas,

non practicar actos violentos, racistas, xenófobos ou intolerantes, ou que inciten a eles, conforme o definido nos puntos primeiro e segundo do artigo 2 desta lei, en particular:

a) Non agredir nin alterar a orde pública.

b) Non entoar cánticos, sons ou consignas racistas ou xenófobas, de carácter intolerante, ou que inciten á violencia ou ao terrorismo ou supoñan calquera outra violación constitucional.

c) Non exhibir pancartas, bandeiras, símbolos ou outros sinais que inciten á violencia ou ao terrorismo ou que inclúan mensaxes de carácter racista, xenófobo ou intolerante.

d) Non lanzar ningunha clase de obxectos.

e) Non irromper sen autorización nos terreos de xogo.

f) Non ter, activar ou lanzar, nas instalacións ou recintos en que se celebren ou desenvolvan espectáculos deportivos, calquera clase de armas ou de obxectos que puidesen producir os mesmos efectos, así como bengalas, petardos, explosivos ou, en xeral, produtos inflamables, fumíferos ou corrosivos.

g) Observar as condicións de seguranza oportunamente previstas e as que regulamentariamente se determinen.

2. Así mesmo, son condicións de permanencia das persoas espectadoras:

a) Non consumir bebidas alcohólicas, nin drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

b) Ocupar as localidades da clase e lugar que correspondan ao título de acceso ao recinto de que dispoñan, así como mostrar ese título cando llelo requiran os corpos e forzas de seguranza e calquera empregado ou colaborador do organizador.

c) Cumprir os regulamentos internos do recinto deportivo.

3. O incumprimento das obrigas descritas nos números anteriores implicará a expulsión inmediata do recinto deportivo por parte das forzas de seguranza, sen prexuízo da posterior imposición das sancións eventualmente aplicables.

4. As persoas espectadoras e asistentes ás competicións e espectáculos deportivos estarán obrigadas a desalojar pacificamente o recinto deportivo e abandonar os seus arredores cando sexan requiridas para iso por razóns de seguranza ou por incumprimento das condicións de permanencia referidas no punto primeiro.

## CAPÍTULO III

### Dispositivos de seguranza reforzados

**Artigo 8. Autorización de medidas de control e vixilancia.**

1. Por razóns de seguranza, as persoas organizadoras das competicións e espectáculos deportivos que determine a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte deberán instalar circuitos pechados de televisión para gravar o acceso e a capacidade completa do recinto deportivo, incluídos os arredores en que se poidan producir aglomeracións de público. Ademais, adoptarán as medidas necesarias para garantir o seu bo estado de conservación e o correcto funcionamento.

Así mesmo, poderán promover a realización de rexistros de espectadores con ocasión do acceso ou durante o desenvolvemento do espectáculo, con pleno respecto da súa dignidade e dos seus dereitos fundamentais, para comprobar o cumprimento das condicións de acceso e permanencia definidas no capítulo segundo deste título.



Esta medida deberase aplicar cando se encontre xustificada pola existencia de indicios ou dunha grave situación de risco e deberase levar a cabo de conformidade co disposto pola normativa das forzas e corpos de seguranza e de acordo coas instrucións da autoridade gubernativa.

2. Regulamentariamente, poderanse establecer medidas adicionais que complementen as anteriores e cuxa finalidade sexa darlles cumprimento aos obxectivos esenciais desta lei.

3. Os organizadores de espectáculos deportivos deberán informar no reverso das entradas, así como en carteis fixados no acceso e no interior das instalacións, das medidas de seguranza establecidas nos recintos deportivos.

4. As autoridades gubernativas, en función das circunstancias concorrentes e das situacións producidas na realización dos encontros deportivos, poderán instar dos organizadores a adopción das medidas indicadas e, de ser o caso, impoñelas de forma motivada.

#### Artigo 9. *Libro de rexistro de actividades de seguidores.*

1. Os clubs e persoas organizadoras das competicións e espectáculos deportivos que estableza a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte deberán dispor dun libro de rexistro, cuxa regulación se establecerá regulamentariamente, que conteña información xenérica e identificativa sobre a actividade dos grupos de seareiros, das asociacións, agrupacións ou grupos de afeccionados, que presten a súa adhesión ou o seu apoio á entidade en cuestión.

Para estes efectos só se considerarán aquelas entidades formalizadas conforme a lexislación asociativa vixente e aqueles grupos de afeccionados que, sen estaren formalizados asociativamente, cumpran cos requisitos de identificación e de responsabilidade que se establezan regulamentariamente.

2. Ese libro deberá ser facilitado á autoridade gubernativa correspondente e, así mesmo, estará á disposición do coordinador de seguranza e da Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte.

3. Na obtención, tratamento e cesión da citada documentación terase en conta a normativa sobre protección de datos persoais.

4. Queda prohibido calquera tipo de apoio, cobertura, dotación de infraestrutura ou de calquera tipo de recursos a grupo ou colectivo de seguidores dun club, con independencia de ter ou non personalidade xurídica, de estar formalizado ou non como grupo ou asociación, se non figura, o citado grupo, as súas actividades e os seus responsables no libro de rexistro e se nalgunha ocasión cometeu infraccións tipificadas nesta lei.

#### Artigo 10. *Declaracións de alto risco dos acontecementos deportivos.*

1. As federacións deportivas españolas e ligas profesionais deberanlle comunicar á autoridade gubernativa, competente por razón da materia a que se refire este título, con antelación suficiente, a proposta dos encontros que poidan ser considerados de alto risco, de acordo cos criterios que estableza o Ministerio do Interior.

2. A declaración dun encontro como de alto risco corresponderalle á Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, logo da proposta das federacións deportivas e ligas profesionais prevista no parágrafo anterior ou como consecuencia da súa propia decisión, e implicará a obriga dos clubs e sociedades anónimas deportivas de reforzar as medidas de seguranza nestes casos, que comprenderán como mínimo:

- a) Sistema de venda de entradas.
- b) Separación das afeccións rivais en zonas distintas do recinto.

c) Control de acceso para o estrito cumprimento das prohibicións existentes.

d) As medidas previstas no artigo 6 que se xulguen necesarias para o normal desenvolvemento da actividade.

#### Artigo 11. *Control e xestión de accesos e de vendas de entradas.*

1. Todos os recintos deportivos en que se disputen competicións estatais de carácter profesional deberán incluír un sistema informatizado de control e xestión da venda de entradas, así como do acceso ao recinto. As ligas profesionais correspondentes establecerán nos seus estatutos e regulamentos a clausura dos recintos deportivos como sanción polo incumprimento desta obriga.

2. Os billetes de entrada, cuxas características materiais e condicións de expedición se establecerán regulamentariamente, oída a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, deberán informar das causas polas cales se lles poida impedir a entrada ao recinto deportivo ás persoas espectadoras, e recollerán como tales, polo menos, a introdución de bebidas alcohólicas, armas, obxectos susceptibles de seren utilizados como tales, bengalas ou similares, e que as persoas que pretendan entrar se encontren baixo os efectos de bebidas alcohólicas, de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.

3. Regulamentariamente estableceranse os prazos de aplicación da medida prevista no número 1 deste artigo, cuxa obrigatoriedade se poderá estender a outras competicións deportivas.

#### Artigo 12. *Medidas especiais en competicións ou encontros específicos.*

1. En atención ao risco inherente ao acontecemento deportivo en cuestión, habilítase a autoridade gubernativa para lles impor aos organizadores as seguintes medidas:

a) Dispor dun número mínimo de efectivos de seguranza.

b) Instalar cámaras nos arredores, nos tornos e portas de acceso e na totalidade das zonas destinadas ao público co fin de gravar o comportamento das persoas espectadoras.

c) Realizar rexistros persoais, aleatorios ou sistemáticos, en todos os accesos ao recinto ou naqueles que franqueen a entrada a bancadas ou zonas de cabida en que sexa previsible a comisión das condutas definidas nos números 1 e 2 do artigo 2, con pleno respecto da súa dignidade e dos seus dereitos fundamentais, e no previsto na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguranza cidadá, e na normativa de forzas e corpos de seguranza.

d) Instalar circuitos pechados de televisión para gravar a capacidade completa do recinto ao longo de todo o espectáculo desde o seu comezo ata o abandono do público.

2. Cando se decida adoptar estas medidas, a organización do espectáculo ou competición advertirállelo ás persoas espectadoras no reverso das entradas, así como en carteis fixados no acceso e no interior das instalacións.

3. A Delegación do Goberno poderá asumir directamente a realización e o control das actuacións previstas nas alíneas b), c) e d) do punto primeiro deste artigo ou ben imporlles ás persoas organizadoras a súa realización baixo a supervisión das forzas e corpos de seguranza. Estas actuacións efectuaranse en cooperación coa comunidade autónoma naqueles casos en que esta conte con forzas e corpos de seguranza propios. Así mesmo, poderá promover a realización de controis de alcoholemia aleatorios nos accesos aos recintos deportivos.

### Artigo 13. *Habilitación á imposición de novas obrigas.*

1. A Comisión Estatal Contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte poderá decidir a implantación de medidas adicionais de seguranza para o conxunto de competicións ou espectáculos deportivos cualificados de alto risco, ou para recintos que fosen obxecto de sancións de clausura consonte os títulos segundo e terceiro desta lei e, en particular, as seguintes:

a) A instalación de cámaras nos arredores, nos tornos e portas de acceso e na totalidade de zonas destinadas ao público.

b) Promover sistemas de verificación da identidade das persoas que traten de acceder aos recintos deportivos.

c) A implantación de sistemas de emisión e venda de entradas que permitan controlar a identidade dos adquirentes de entradas.

d) A realización de rexistros persoais, aleatorios ou sistemáticos, en todos os accesos ao recinto ou naqueles que franqueen a entrada ás bancadas ou zonas de público en que se poida prever a comisión de condutas definidas nos números 1 e 2 do artigo 2, con pleno respecto da súa dignidade e dos seus dereitos fundamentais.

e) A instalación de mecanismos ou dispositivos para a detección das armas e dos instrumentos análogos descritos no artigo 6, punto primeiro, alínea a).

2. Nos supostos previstos nas letras b) e c) do número anterior, inserirase nos billetes de entrada información sobre o tratamento dos datos de carácter persoal necesarios para proceder á identificación do espectador, así como os procedementos a través dos cales se verificará esa identidade, quedando en todo caso o tratamento sometido ao disposto na normativa vixente en materia de protección de datos.

Os que organicen un acontecemento deportivo procederán á cancelación dos datos das persoas que accedan ao espectáculo unha vez que este conclúa, salvo que se aprecie a realización dalgunha das condutas a que se refiren os puntos primeiro e segundo do artigo 2 desta lei; neste caso, conservarán unicamente os datos necesarios para a identificación das persoas que puidesen ter tomado parte na realización da conduta.

### Artigo 14. *Coordinación de seguranza.*

1. A persoa responsable da coordinación de seguranza nos acontecementos deportivos é aquel membro da organización policial que asume as tarefas de dirección, coordinación e organización dos servizos de seguranza na celebración dos espectáculos deportivos.

As súas funcións e o seu réxime de designación e cesamento determinaranse regulamentariamente.

2. Nas competicións ou nos encontros deportivos que propoña a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte os organizadores designarán un representante de seguranza que, no exercicio das súas tarefas durante o desenvolvemento do acontecemento deportivo, se aterá ás instrucións do coordinador de seguranza. Este representante deberá ser xefe ou director de seguranza, segundo dispoña a normativa de seguranza privada.

3. O coordinador de seguranza exercerá a coordinación dunha unidade de control organizativo, cuxa existencia será obrigatoria en todas as instalacións deportivas da máxima categoría de competición profesional do fútbol e baloncesto, e naquelas outras en que a Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte o dispoña.

O coordinador de seguranza desempeña a dirección da citada unidade e asume as funcións da súa coordinación respecto das persoas que manexen os instrumentos

nelas instalados. Os elementos gráficos en que se plasme o exercicio das súas funcións teñen a consideración de arquivos policiais e o seu tratamento atópanse sometido ás disposicións que para os ficheiros de investigación policial establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos unicamente se conservarán mentres sexa preciso para a investigación dos incidentes que puidesen terse producido como consecuencia da celebración dun espectáculo deportivo.

## CAPÍTULO IV

### Suspensións de competicións e de instalacións deportivas

#### Artigo 15. *Suspensión do encontro ou proba e desaloxo total ou parcial do público.*

1. Cando, durante o desenvolvemento dunha competición, proba ou espectáculo deportivo, tiveren lugar incidentes de público relacionados coas condutas definidas nos puntos primeiro e segundo do artigo 2, ou que supoñan o incumprimento das obrigas dos espectadores e asistentes referidas no artigo 7, o árbitro ou xuíz deportivo que dirixa o encontro ou proba poderá decidir a súa suspensión provisional como medida para o restablecemento da legalidade.

2. Se, transcorrido un tempo prudencial en relación coas circunstancias concorrentes, persistise a situación, poderase acordar o desaloxo da bancada ou parte dela onde se producisen os incidentes e a posterior continuación do encontro. Esta decisión adoptárase a porta pechada e de mutuo acordo polo árbitro ou xuíz deportivo e o coordinador de seguranza, oída a persoa responsable de seguranza que represente a organización do acontecemento e, de ser o caso, a delegación dos clubs ou equipos contendentes, anunciaráselle ao público mediante o servizo de megafonía e instarase o voluntario cumprimento da orde de desaloxo.

Para a adopción desta medida deberán ponderarse os seguintes elementos:

- O normal desenvolvemento da competición.
- A previsible evolución dos acontecementos que puider supor entre o público a orde de desaloxo.
- A gravidade dos feitos acontecidos.

A Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte establecerá un protocolo de actuación que comprenderá as medidas orientadas ao restablecemento da normalidade, proporcionadas ás circunstancias de cada caso, coa finalidade de lograr a terminación do encontro ou proba en condicións que garantan a seguranza e a orde pública.

3. O árbitro ou xuíz deportivo poderá suspender definitivamente o encontro ou proba en función das circunstancias concorrentes, logo de recoller o parecer do coordinador de seguranza, todo iso sen prexuízo das facultades que lles corresponden ás forzas e corpos de seguranza.

## CAPÍTULO V

### Medidas de apoio á convivencia e á integración no deporte

#### Artigo 16. *Medidas de fomento da convivencia e da integración por medio do deporte.*

1. Sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas, a Administración xeral do Estado asume a función de impulsar unha serie de actuacións cuxa finalidade é promover a convivencia e

a integración intercultural por medio do deporte no ámbito desta lei.

Con este fin, en función das disponibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio, adoptará as seguintes medidas:

a) A aprobación e execución de plans e medidas dirixidas a previr a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, recollendo determinacións adecuadas nos aspectos social e educativo.

b) O desenvolvemento de campañas publicitarias que promovan a deportividade e o ideal do xogo limpo e a integración, especialmente entre a xuventude, para favorecer o respecto mutuo entre os espectadores e entre os deportistas e estimulando a súa participación activa no deporte.

c) A dotación e convocatoria de premios que estimulen o xogo limpo, estruturados en categorías que inclúan, cando menos, os deportistas, os técnicos, os equipos, as afeccións, as entidades patrocinadoras e os medios de comunicación.

d) O desenvolvemento do Observatorio da Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, adscrito ao Consello Superior de Deportes, con funcións de estudo, análise, proposta e seguimento en materia de prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte.

e) O estímulo de accións de convivencia e irmandade entre deportistas ou afeccións rivais co fin de establecer un clima positivo antes do encontro, ben sexa mediante a celebración de actividades compartidas, ou ben mediante xestos simbólicos, como o intercambio por parte de grupos de seareiros, seguidores ou afeccionados rivais de emblemas e outros símbolos sobre o terreo de xogo nos momentos previos ao inicio do encontro ou competición.

f) O fomento por parte das federacións deportivas españolas da inclusión nos seus programas de formación de contidos directamente relacionados co obxectivo desta lei, en especial, introducindo a formación en valores e todo o relativo a esta lei nos cursos de adestradores e árbitros.

g) A eliminación de obstáculos e barreiras que impidan a igualdade de trato e a incorporación sen ningunha discriminación dos inmigrantes que realicen actividades deportivas non profesionais.

h) Regulamentariamente creárase a figura do Defensor do Deportista, co fin de lles facer fronte ás situacións de discriminación, intolerancia, abusos, malos tratos ou condutas violentas que poidan sufrir os deportistas e coa finalidade de canalizar posibles queixas ou denuncias cara aos órganos antidiscriminatorios, disciplinarios ou xudiciais asignados, de ser o caso, polo noso ordenamento xurídico.

i) E todas aquelas que fomenten valores formativos do deporte.

2. A Administración xeral do Estado promoverá a convocatoria de axudas especificamente dirixidas á execución das medidas relacionadas no punto anterior por parte das entidades deportivas privadas, ou das administracións públicas que concorran a elas, ou a inclusión de criterios vinculados coa prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia nos criterios establecidos de concesión de axudas públicas.

#### Artigo 17. *Medidas informativas e de coordinación policial.*

1. As entidades deportivas, e principalmente os clubs e sociedades anónimas deportivas participantes en encontros declarados de alto risco, subministraranlle á persoa responsable da coordinación de seguranza toda a información de que dispoñan acerca da organi-

zación dos desprazamentos dos seguidores desde o lugar de orixe, as súas reaccións ante as medidas e decisións policiais e calquera outra información significativa para os efectos de prevención dos actos racistas, violentos, xenófobos ou intolerantes, nos termos descritos nos puntos primeiro e segundo do artigo 2 desta lei.

2. Os corpos e forzas de seguranza, especialmente os radicados nas localidades de orixe e destino dos seguidores de participantes en competicións ou espectáculos deportivos cualificados de alto risco, promoverán a cooperación e o intercambio de informacións adecuadas para xestionar as situacións que se presenten con ocasión do acontecemento, atendendo ás condutas coñecidas dos grupos de seguidores, aos seus plans de viaxe, ás reaccións ante as medidas e decisións policiais e calquera outra información significativa para os efectos de prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte.

#### Artigo 18. *Depuración e aplicación das regras do xogo.*

1. As entidades deportivas a que se refire o artigo 2, número 3, desta lei, na súa respectiva esfera de competencia, promoverán a depuración das regras do xogo e dos seus criterios de aplicación polos xuíces e árbitros deportivos co fin de limitar ou reducir no posible aquelas determinacións que poidan pór en risco a integridade física dos deportistas ou incitar á violencia, ao racismo, á xenofobia ou á intolerancia dos participantes na proba ou dos espectadores.

2. A Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte e as organizacións de árbitros e xuíces das federacións deportivas españolas velarán polo cumprimento deste artigo nos seus respectivos ámbitos de competencia.

#### Artigo 19. *Persoas voluntarias contra a violencia e o racismo.*

1. As federacións deportivas españolas e as ligas profesionais fomentarán que os clubs que participen nas súas propias competicións constitúan no seu seo agrupacións de persoas voluntarias, co fin de lles facilitar información aos espectadores, contribuír á prevención de riscos e facilitar o correcto desenvolvemento do espectáculo. As persoas voluntarias non poderán asumir funcións en materia de orde pública nin arrogarse a condición de autoridade.

As federacións e ligas profesionais fomentarán que os clubs e sociedades anónimas deportivas con fundacións propias presenten na súa memoria de actividades accións de prevención da violencia, de formación de voluntarios no seo das súas entidades e de fomento dos valores do deporte. Esas accións poderán ser cofinanciadas entre o club ou entidade, federación, liga profesional e o Consello Superior de Deportes a través das correspondentes convocatorias públicas.

2. A Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte ou, se for o caso, as comunidades autónomas con competencias en materia de seguranza, proporán o marco de actuación desas agrupacións, as funcións que lles poderán ser encomendadas, os sistemas de identificación ante o resto do público espectador, os seus dereitos e obrigas, a formación e o perfeccionamento, así como os mecanismos de recrutamento.

3. A Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia promoverá a colaboración coas organizacións non gobernamentais que traballen contra o racismo e a violencia no deporte.



## CAPÍTULO VI

**Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte**

Artigo 20. *Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte.*

1. A Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte é un órgano colexiado encargado da formulación e realización de políticas activas contra a violencia, a intolerancia e a evitación das prácticas racistas e xenófobas no deporte.

2. A Comisión Estatal é un órgano integrado por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e corporacións locais, das federacións deportivas españolas ou ligas profesionais, das asociacións de deportistas e por persoas de recoñecido prestixio no ámbito do deporte e a seguranza, a loita contra a violencia, o racismo e a intolerancia, así como a defensa dos valores éticos que encarna o deporte.

A composición e funcionamento da Comisión Estatal estableceranse regulamentariamente.

3. As funcións da Comisión Estatal, entre outras que puideren asignárselle, son:

a) De realización de actuacións dirixidas a:

1.º Promover e impulsar accións de prevención contra a actuación violenta nos acontecementos deportivos.

2.º Fomentar, coordinar e realizar campañas de divulgación e de sensibilización en contra da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia en todas as súas formas, co fin de conseguir que o deporte sexa un referente de integración e convivencia social.

3.º Elaborar orientacións e recomendacións ás federacións deportivas españolas, ás ligas profesionais, sociedades anónimas deportivas e clubs deportivos para a organización daqueles espectáculos en que razoablemente se prevea a posibilidade de actos violentos, racistas, xenófobos e intolerantes.

b) De elaboración, informe ou participación na formulación de políticas xerais de sensibilización sobre a prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia, orientadas especialmente a:

1.º Emitir informe sobre aqueles proxectos de disposicións que lle sexan solicitados polas administracións públicas competentes en materia de espectáculos deportivos, en particular as relativas á policía de espectáculos deportivos, disciplina deportiva e regulamentacións técnicas sobre instalacións.

2.º Emitir informe preceptivo sobre as disposicións das comunidades autónomas que afecten o réxime estatal de prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte e as disposicións das comunidades autónomas sobre prevención da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte que aquelas envíen.

c) De vixilancia e control, para efectos de:

1.º Proporlles ás autoridades públicas competentes a adopción de medidas sancionadoras aos que incumpran a normativa prevista nesta lei e nas normas que a desenvolven.

2.º Interpor recurso ante o Comité Español de Disciplina Deportiva contra os actos ditados en calquera instancia polas federacións deportivas na aplicación do réxime disciplinario previsto nesta lei, cando considere que aqueles non se axustan ao réxime de sancións establecido.

3.º Instar as federacións deportivas españolas e ligas profesionais a modificar os seus estatutos para recoller

nos réximes disciplinarios as normas relativas á violencia, ao racismo, á xenofobia e á intolerancia no deporte.

4.º Instar as federacións deportivas españolas a suprimir toda normativa que implique discriminación na práctica deportiva de calquera persoa en función da súa nacionalidade ou orixe.

5.º Promover medidas para a realización dos controis de alcoholemia nos espectáculos deportivos de alto risco e para a prohibición de introducir neles obxectos perigosos ou susceptibles de seren utilizados como armas.

6.º Propor o marco de actuación das agrupacións de voluntarios prevista no artigo 19 desta lei.

7.º Declarar un acontecemento deportivo como de alto risco, para os efectos determinados nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

8.º Coordinar a súa actuación coa que desenvolven os órganos periféricos da Administración xeral do Estado con funcións en materia de prevención da violencia no deporte, así como o seguimento da súa actividade.

9.º No marco da súa propia regulamentación, ser un dos propoñentes anuais da concesión do premio nacional que recompensa os valores de deportividade.

d) De información, elaboración de estatísticas e avaliación de situacións de risco, destinadas a:

1.º Recoller e publicar anualmente os datos sobre violencia, racismo, xenofobia e intolerancia nos espectáculos deportivos, logo de disociación dos datos de carácter persoal relacionados con elas, así como realizar enquisas sobre esta materia.

2.º Realizar informes e estudos sobre as causas e os efectos da violencia, do racismo, da xenofobia e da intolerancia no deporte.

e) De colaboración e cooperación coas comunidades autónomas:

Establecer mecanismos de colaboración e de cooperación coas comunidades autónomas para a execución das medidas previstas nas alíneas anteriores cando foren da súa competencia, e especialmente cos órganos que con similares finalidades que a Comisión Estatal existan nas comunidades autónomas.

## TÍTULO II

**Réxime sancionador contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte**

## CAPÍTULO I

**Infraccións**

Artigo 21. *Infraccións das persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos.*

1. Son infraccións moi graves:

a) O incumprimento das normas ou instrucións que regulan a celebración das competicións, probas ou espectáculos deportivos, que impida o seu normal desenvolvemento e produza importantes prexuízos para os que participen neles ou para o público asistente.

b) O incumprimento das medidas de seguranza aplicables de conformidade con esta lei e as disposicións que a desenvolven e que supoñan un grave risco para os asistentes aos recintos deportivos.

c) A desobediencia reiterada das ordes ou disposicións das autoridades gubernativas sobre as condicións da celebración de tales espectáculos sobre cuestións que afecten o seu normal e axeitado desenvolvemento.

d) A alteración, sen cumprir os trámites pertinentes, da capacidade do recinto deportivo.

e) A falta de previsión ou negligencia na corrección dos defectos ou anomalías detectadas que supoñan un grave perigo para a seguraza dos recintos deportivos e, especificamente, nos circuitos pechados de televisión.

f) O incumprimento das normas que regulan a celebración dos espectáculos deportivos que permita que se produzan comportamentos violentos, racistas, xenófobos e intolerantes definidos nos números 1 e 2 do artigo 2, quer por parte do público ou quer entre o público e os participantes no acontecemento deportivo, cando conorra algunha das circunstancias de prexuízo, risco ou perigo previstas nas letras a), b) e e) ou cando tales comportamentos revistan a transcendencia ou os efectos previstos nas letras c) e g) desta alínea.

g) A organización, a participación activa ou a incentiación e promoción da realización de actos violentos, racistas, xenófobos ou intolerantes de especial transcendencia polos seus efectos para a actividade deportiva, a competición ou para as persoas que asisten ou participan nela.

h) O quebrantamento das sancións impostas en materia de violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte.

i) A realización de calquera conduta definida nos puntos primeiro e segundo do artigo 2 desta lei, cando conorra algunha das circunstancias de prexuízo, risco ou perigo previstas nas letras a), b) e e) ou cando revista a transcendencia ou efectos previstos nas letras c) e g) desta alínea.

j) O incumprimento das obrigas previstas no artigo 25 desta lei.

## 2. Son infraccións graves:

a) Toda acción ou omisión que supoña o incumprimento das medidas de seguraza e das normas que disciplinan a celebración dos espectáculos deportivos e non constitúa infracción moi grave consonte as letras a), b), e), f) e g) do número anterior.

b) A realización das condutas definidas nos números 1 e 2 do artigo 2 que non sexan consideradas infraccións moi graves de acordo co disposto na alínea anterior.

c) A desobediencia das ordes ou disposicións das autoridades gubernativas acerca das condicións da celebración de tales espectáculos sobre cuestións que afecten o seu normal e axeitado desenvolvemento.

d) A xestión deficiente do libro de rexistro de seguidores ou a súa inexistencia, a que se refire o artigo 9 desta lei.

e) O apoio a actividades de seareiros, asociacións, agrupacións ou grupos de afeccionados que incumpran o estipulado nesta lei.

3. Son infraccións leves das persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos toda acción ou omisión que supoña o incumprimento das previsións impostas nesta lei que non mereza ser cualificada como grave ou moi grave conforme os números anteriores, así como as condutas que infrinxan outras obrigas legalmente establecidas en materia de seguraza dos espectáculos deportivos.

## Artigo 22. *Infraccións das persoas espectadoras.*

1. Son infraccións moi graves das persoas que asisten a competicións e espectáculos deportivos:

a) A realización de calquera acto ou conduta definida nos números 1 e 2 do artigo 2 desta lei, cando conorra algunha das circunstancias de prexuízo, risco, perigo, transcendencia ou efectos previstos no número 1 do artigo 21 desta lei.

b) O incumprimento das obrigas de acceso e permanencia no recinto establecidas no artigo 6 e no número 1

do artigo 7, cando lles ocasionen danos ou graves riscos ás persoas ou aos bens ou cando conorra circunstancias de especial risco, perigo ou participación nelas.

c) O incumprimento da orde de desaloxo establecida no número 4 do artigo 7 desta lei.

d) O quebrantamento das sancións impostas en materia de violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte.

2. Son infraccións graves dos asistentes a competicións e espectáculos deportivos a realización das condutas definidas nos artigos 2, 6 e 7 desta lei que non fosen cualificadas como moi graves no número anterior.

3. Son infraccións leves das persoas asistentes a competicións e espectáculos deportivos toda acción ou omisión que supoña o incumprimento das obrigas impostas nesta lei que non mereza ser cualificada como grave ou moi grave consonte os números anteriores, así como a infracción doutras obrigas legalmente establecidas en materia de seguraza dos espectáculos deportivos.

## Artigo 23. *Infraccións doutros suxeitos.*

1. Son infraccións moi graves de calquera suxeito que as cometa:

a) A realización das condutas definidas nos números 1 e 2 do artigo 2 desta lei nos arredores dos lugares en que se celebren competicións deportivas e nos transportes públicos e transportes organizados que se dirixan a eles, cando se ocasionen danos ou graves riscos ás persoas ou aos bens ou cando conorra circunstancias de especial risco, perigo ou participación nelas.

b) A realización de declaracións en medios de comunicación de carácter impreso, audiovisual ou pola internet, en virtude das cales se ameace ou se incite á violencia ou á agresión aos participantes en encontros ou competicións deportivas ou ás persoas asistentes a eles, así como a contribución significativa mediante tales declaracións á creación dun clima hostil ou que promova o enfrontamento físico entre os que participan en encontros ou competicións deportivas ou entre as persoas que asisten a eles.

c) A difusión por medios técnicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos vinculados á información ou actividades deportivas de contidos que promovan ou dean soporte á violencia, ou que inciten, fomenten ou axuden aos comportamentos violentos ou terroristas, racistas, xenófobos ou intolerantes por razóns de relixión, ideoloxía, orientación sexual, ou calquera outra circunstancia persoal ou social, ou que supoñan un acto de manifesto desprezo aos participantes na competición ou no espectáculo deportivo ou ás vítimas do terrorismo e aos seus familiares.

d) O incumprimento das sancións impostas en materia de violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte.

2. Son infraccións graves de calquera suxeito que as cometa:

a) A realización das condutas definidas nos números 1 e 2 do artigo 2 desta lei nos arredores dos lugares en que se celebren competicións deportivas e nos transportes organizados que se dirixan a eles, cando non sexan cualificadas como moi graves consonte o número anterior.

b) A realización de declaracións públicas en medios non incluídos na alínea b) do número anterior, en virtude das cales se ameace ou se incite á violencia ou á agresión aos participantes en encontros ou competicións deportivas ou aos asistentes a eles, así como a contribución significativa mediante tales declaracións á creación dun clima hostil ou que promova o enfrontamento físico entre os participantes en encontros ou competicións deportivas ou entre os asistentes a eles.

c) A venda no interior das instalacións deportivas dos produtos prohibidos no número 3 do artigo 4, de bebidas alcohólicas ou daquelas cuxos envases incumpran o disposto no punto segundo do mesmo artigo.

3. Son infraccións leves de calquera suxeito que as cometa a realización das condutas definidas nos números 1 e 2 do artigo 2 que non sexan cualificadas como graves ou moi graves nos números anteriores.

## CAPÍTULO II

### Sancións

#### Artigo 24. *Sancións.*

1. Como consecuencia da comisión das infraccións tipificadas neste título poderanse impor as sancións económicas seguintes:

- a) De 150 a 3.000 euros en caso de infraccións leves.
- b) De 3.000,01 a 60.000 euros en caso de infraccións graves.
- c) De 60.000,01 a 650.000 euros, en caso de infraccións moi graves.

2. Ademais das sancións económicas antes mencionadas, aos organizadores de competicións e espectáculos deportivos poderánselles impor as seguintes:

- a) A inhabilitación para organizar espectáculos deportivos ata un máximo de dous anos por infraccións moi graves e ata dous meses por infraccións graves.
- b) A clausura temporal do recinto deportivo ata un máximo de dous anos por infraccións moi graves e ata dous meses por infraccións graves.

3. Ademais das sancións económicas, ás persoas físicas que cometan as infraccións tipificadas neste título poderánselles impor, atendendo ás circunstancias que concorran nos feitos e, moi especialmente, á súa gravidade ou repercusión social, a sanción de desenvolver traballos sociais no ámbito deportivo e a sanción de prohibición de acceso a calquera recinto deportivo de acordo coa seguinte escala:

- a) Prohibición de acceso a calquera recinto deportivo por un período comprendido entre un mes e seis meses, en caso de infraccións leves.
- b) Prohibición de acceso a calquera recinto deportivo por un período entre seis meses e dous anos, en caso de infraccións graves.
- c) Prohibición de acceso a calquera recinto deportivo por un período entre dous anos e cinco anos, en caso de infraccións moi graves.

4. Ademais das sancións económicas, ou no canto delas, aos que realicen as declaracións previstas na alínea b) do punto primeiro do artigo 23 poderánselles impor a obriga de publicar á súa custa nos mesmos medios que recolleron as súas declaracións e con polo menos a mesma amplitude, rectificacións públicas ou, en substitución, a criterio do órgano resolutorio, anuncios que promovan a deportividade e o xogo limpo no deporte.

5. Ademais das sancións económicas, aos que realicen as condutas infractoras definidas na alínea c) do punto primeiro do artigo 23 poderánselles impor a obriga de crear, publicar e manter á súa custa, ata un máximo de cinco anos, un medio técnico, material, informático ou tecnolóxico equivalente ao utilizado para cometer a infracción, con contidos que fomenten a convivencia, a tolerancia, o xogo limpo e a integración intercultural no deporte. O deficiente cumprimento desta obriga será entendido como quebrantamento da sanción imposta e pódese ofrecer aos sancionados un patrón ou modelo de contraste para acomodar a extensión e os contidos do medio.

#### Artigo 25. *Sanción de prohibición de acceso.*

1. Os clubs e as persoas responsables da organización de espectáculos deportivos deberán privar da condición de socio, asociado ou abonado as persoas que sexan sancionadas coa prohibición de acceso a recintos deportivos, para o cal a autoridade competente comunicarlles a resolución sancionadora, mantendo a exclusión do abono ou da condición de socio ou asociado durante todo o período de cumprimento da sanción.

2. Para efectos do cumprimento da sanción, poderanse arbitrar procedementos de verificación da identidade, que serán efectuados por membros das forzas e corpos de seguranza.

## CAPÍTULO III

### Responsabilidade e os seus criterios modificativos

#### Artigo 26. *Suxeitos responsables.*

1. Das infraccións a que se refire este título serán administrativamente responsables as persoas físicas e xurídicas que actúen como autores e os seus colaboradores. Neste último caso, as sancións previstas nos artigos 24 e 25 imporánselle, de ser o caso, atendendo ao grao de participación.

2. Xogadores, persoal técnico e directivo, así como as demais persoas sometidas á disciplina deportiva responderán dos actos contrarios ás normas ou actuacións preventivas da violencia deportiva de conformidade co disposto no título terceiro desta lei e nas disposicións regulamentarias e estatutarias das entidades deportivas, cando tales condutas teñan lugar con ocasión do exercicio da súa función deportiva específica.

Estes mesmos suxeitos atópanse plenamente sometidos ás disposicións deste título cando asistan a competicións ou espectáculos deportivos en condición de espectadores.

#### Artigo 27. *Criterios modificativos da responsabilidade.*

1. Para a determinación da concreta sanción aplicable en relación coas infraccións relativas a condutas definidas nos números 1 e 2 do artigo 2 desta lei tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- a) O arrepentimento espontáneo, a manifestación pública de desculpas e a realización de xestos de carácter deportivo que expresen intención de corrixir ou emendar o dano físico ou moral inflixido.
- b) A colaboración na localización e na minoración das condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes por parte dos clubs e demais persoas responsables.
- c) A adopción espontánea e inmediata á infracción de medidas dirixidas a reducir ou mitigar os danos derivados dela.
- d) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- e) A natureza dos prexuízos causados.
- f) A reincidencia, entendendo por tal a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme.

2. Para a determinación da concreta sanción aplicable en relación coas infraccións relativas a obrigas de seguranza das persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A natureza dos prexuízos causados.
- c) A reincidencia, entendendo por tal a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción declarada por resolución firme.



## CAPÍTULO IV

**Competencias e procedemento**Artigo 28. *Competencia para a imposición de sancións.*

1. A potestade sancionadora prevista neste artigo exerceraa a autoridade gubernativa competente e poderá solicitar informes previos das autoridades deportivas e da Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte.

2. Cando a competencia sancionadora lle corresponda á Administración xeral do Estado, a imposición de sancións realizaraa:

- a) A Delegación do Goberno, desde 150 euros ata 60.000 euros.
- b) A Secretaría de Estado de Seguranza, desde 60.000,01 euros ata 180.000 euros.
- c) O Ministerio do Interior, desde 180.000,01 euros ata 360.000 euros.
- d) O Consello de Ministros, desde 360.000,01 euros ata 650.000 euros.

3. A competencia para impor as sancións de inhabilitación temporal para organizar espectáculos deportivos e para a clausura temporal de recintos deportivos, corresponderalle á Secretaría de Estado de Seguranza, se o prazo de suspensión for igual ou inferior a un ano, e ao Ministerio do Interior, se for superior a ese prazo.

4. A competencia para impor as sancións accesorias previstas no artigo 24 corresponderalle ao órgano sancionador competente en cada caso, sen prexuízo do disposto no número anterior e, no caso de que teña carácter substitutivo de infraccións moi graves, segundo o disposto no punto cuarto do artigo 24 desta lei, corresponderalle á Secretaría de Estado de Seguranza.

Artigo 29. *Rexistro de sancións.*

1. O Rexistro Central de Sancións en materia de violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte, así como a recollida dos datos que se inscriban nel, axustaranse ao disposto na lexislación relativa á protección de datos de carácter persoal. En todo caso, asegurárase o dereito das persoas que sexan obxecto de resolucións sancionadoras a seren informadas da súa inscrición no rexistro e a mantela unicamente mentres sexa necesario para a súa execución.

2. Todo asento rexistral deberá conter, cando menos, as seguintes referencias:

- a) Lugar e data do acontecemento deportivo, clase de competición e contendentes.
- b) Datos identificativos da entidade deportiva, organizador ou particular afectado polo expediente.
- c) Clase de sanción ou sancións impostas, especificando con clareza o seu alcance temporal.
- d) Infracción cometida polo infractor, especificando o artigo da lei en que está tipificada e, de ser o caso, as circunstancias modificativas da responsabilidade.

3. De acordo coas disposicións vixentes na materia, terán acceso aos datos deste rexistro os particulares que teñan un interese directo e manifesto, así como as entidades deportivas para efectos de colaboración coas autoridades no mantemento da seguranza pública con motivo de competicións ou espectáculos deportivos.

4. O rexistro disporá dunha sección de prohibicións de acceso a recintos deportivos. As sancións comunicárlleas o órgano sancionador ao propio rexistro e aos organizadores dos espectáculos deportivos, co fin de que estes verifiquen a identidade nos controis de acceso polos medios que regulamentariamente se determinen.

5. Cando se trate de sancións impostas a persoas seguidoras das entidades deportivas por cometeren os ilícitos definidos nos números 1 e 2 do artigo 2, o órgano sancionador notificarallas ao club ou entidade deportiva a que pertencen co fin de incluír a oportuna referencia no libro de rexistro de actividades de seguidores a que fai referencia o artigo 9 e de aplicar a prohibición de apoio que recolle o artigo 3, número 2, alínea h).

6. O Rexistro Central de Sancións en materia de violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte a que se refire este artigo estará adscrito ao Ministerio do Interior.

Artigo 30. *Procedemento sancionador.*

No non disposto neste título, o exercicio da potestade sancionadora a que este se refire serán de aplicación os principios e prescricións contidas no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas súas normas de desenvolvemento, especialmente no que se refire á extinción da responsabilidade, prescrición das infraccións e sancións, execución de sancións e principios xerais do procedemento sancionador.

Artigo 31. *Presentación de denuncia.*

Toda persoa poderá instar a incoación de expedientes sancionadores polas infraccións contidas neste título. O denunciante, que achegará as probas de que, se for o caso, dispoña, carecerá da condición de parte no procedemento, ben que se lle recoñece o dereito a ser notificado da resolución que se dite no expediente.

## TÍTULO III

**Réxime disciplinario deportivo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia**

## CAPÍTULO I

**Ámbito de aplicación**Artigo 32. *Ámbito de aplicación do réxime disciplinario deportivo.*

1. As persoas vinculadas a unha federación deportiva mediante unha licenza federativa estatal ou autonómica habilitada para a participación en competicións estatais así como os clubs, as sociedades anónimas deportivas e as persoas que desenvolvan a súa actividade dentro delas poderán ser sancionadas de conformidade co disposto nos artigos seguintes.

2. Este réxime sancionador ten a condición de réxime especial respecto do previsto, con carácter xeral, na Lei 10/1990, do 15 de outubro, que terá en todos os seus extremos a condición de norma supletoria.

3. De conformidade co previsto nesta lei, cando as persoas a que se refire o número 1 deste artigo asistan como espectadores a unha proba ou competición deportiva, o seu réxime de responsabilidade será o recollido neste título.

4. Non serán consideradas condutas infractoras as que se conteñan neste título por remisión ás definicións contidas nos puntos primeiro e segundo do artigo 2 da lei, cando as realicen os deportistas de acordo coas regras técnicas do xogo propias da correspondente modalidade deportiva.

## CAPÍTULO II

**Das infraccións e sancións**

Artigo 33. *Da clasificación das infraccións contra o réxime previsto nesta lei.*

As infraccións do réxime deportivo que se recollen nesta lei poden ser moi graves ou graves de conformidade co que se establece nos artigos seguintes.

Artigo 34. *Infraccións moi graves.*

Considéranse infraccións moi graves:

1. Das regras de xogo ou competición ou das normas deportivas xerais:

a) Os comportamentos e xestos agresivos e manifestamente antideportivos dos deportistas, cando se dirixan ao árbitro, a outros deportistas ou ao público, así como as declaracións públicas de directivos, administradores de feito ou de dereito de clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas, técnicos, árbitros e deportistas que inciten os seus equipos ou os espectadores á violencia de conformidade co disposto nos puntos primeiro e segundo do artigo 2 desta lei.

b) A promoción, organización, dirección, encubrimiento ou defensa dos actos e condutas tipificados nos puntos primeiro e segundo do artigo 2 desta lei.

c) A participación activa en actos violentos, racistas, xenófobos ou intolerantes ou que fomenten este tipo de comportamentos no deporte.

Para os efectos deste artigo, considérase, en todo caso, como participación activa a realización de declaracións, xestos, insultos e calquera outra conduta que implique unha vexación a unha persoa ou grupo de persoas por razón da súa orixe racial ou étnica, da súa relixión, conviccións, discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual.

d) A non-adopción de medidas de seguranza e a falta de dilixencia ou de colaboración na represión de comportamentos violentos, racistas, xenófobos ou intolerantes.

2. Considéranse especificamente como infraccións moi graves para as persoas que desempeñen a presidencia e demais membros das federacións deportivas, a omisión do deber de asegurar o correcto desenvolvemento dos espectáculos deportivos que impliquen riscos para os espectadores ou para os participantes neles, tanto no que se refire ao desenvolvemento da propia actividade deportiva como á protección dos dereitos fundamentais e, especificamente, os que impliquen comportamentos racistas, xenófobos ou intolerantes.

3. Así mesmo, son infraccións específicas moi graves para os clubs e sociedades anónimas deportivas que participen en competicións profesionais:

a) A omisión do deber de adoptar todas as medidas establecidas nesta lei para asegurar o correcto desenvolvemento dos espectáculos deportivos con riscos para os espectadores ou para os participantes neles e evitar a realización de actos ou comportamentos racistas, xenófobos, intolerantes e contrarios aos dereitos fundamentais.

b) A facilitación de medios técnicos, económicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos que dean soporte á actuación das persoas ou grupos que promovan a violencia ou as condutas racistas, xenófobas e intolerantes a que se refiren os puntos primeiro e segundo do artigo 2 desta lei.

Artigo 35. *Infraccións graves.*

Considéranse infraccións de carácter grave:

a) Os comportamentos e actos de menosprezo ou desconsideración a unha persoa ou grupo de persoas en

relación coa súa orixe racial ou étnica, a súa relixión, conviccións, discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual, así como calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

b) A pasividade na represión das condutas violentas, xenófobas e intolerantes, cando polas circunstancias en que se produzan non poidan ser consideradas como infraccións moi graves conforme o número anterior.

c) A omisión das *medidas de seguranza cando, en atención ás circunstancias* concorrentes, non poida ser considerada como infracción moi grave.

Artigo 36. *Do réxime de sancións que se imporán como consecuencia das infraccións previstas nesta lei.*

O réxime sancionador das infraccións contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia previstas no ámbito disciplinario deportivo queda establecido da seguinte maneira:

a) Pola comisión de infraccións consideradas como moi graves das previstas nesta lei, poderanse impor as seguintes sancións:

1.º Inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva ou suspensión ou privación de licenza federativa, cando o responsable dos feitos sexa unha persoa con licenza deportiva. A sanción poderase impor con carácter temporal por un período de dous a cinco anos, ou excepcionalmente con carácter definitivo nos supostos de reincidencia na comisión de infraccións de extraordinaria gravidade.

2.º Sanción pecuniaria para os clubs, deportistas, xuíces, árbitros e directivos no marco das competicións profesionais, de 18.000,01 a 90.000 euros.

3.º Sanción pecuniaria para os clubs, deportistas, xuíces, árbitros e directivos no marco do resto de competicións, de 6.000,01 a 18.000 euros.

4.º Clausura do recinto deportivo por un período que abrangue desde catro partidos ou encontros ata unha temporada.

5.º Perda da condición de socio e prohibición de acceso ao estadio ou aos lugares de desenvolvemento das probas ou competicións por tempo non superior a cinco anos.

6.º Celebración da proba ou competición deportiva a porta pechada.

7.º Perda de puntos ou postos na clasificación.

8.º Perda ou descenso de categoría ou división.

b) Pola comisión de infraccións consideradas graves, poderanse impor as seguintes sancións:

1.º Inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva ou suspensión ou privación de licenza federativa, con carácter temporal, cando o responsable dos feitos sexa unha persoa con licenza deportiva. A sanción que se vai impor será dun mes a dous anos ou de catro ou máis encontros nunha mesma temporada.

2.º Sanción pecuniaria para os clubs, deportistas, xuíces, árbitros e directivos no marco das competicións profesionais, de 3.000 a 18.000 euros.

3.º Sanción pecuniaria para os clubs, deportistas, xuíces, árbitros e directivos no marco das competicións non profesionais, de 500 a 6.000 euros.

4.º Clausura do recinto deportivo de ata tres partidos ou encontros, ou de dous meses.

5.º Perda de puntos ou postos na clasificación.

c) As anteriores sancións son independentes e compatibles coas medidas que os estatutos e regulamentos federativos poidan prever en relación cos efectos puramente deportivos que se deban solucionar para asegurar o normal desenvolvemento da competición, do encontro ou da proba. Enténdense, en todo caso, incluídos nesta

alínea as decisións sobre a continuación ou non do encontro, a súa repetición, celebración, de ser o caso, a porta pechada, resultados deportivos e calquera outra prevista naquelas normas que sexan inherentes á organización e ao goberno da actividade deportiva.

d) Os estatutos e regulamentos federativos poderán prever a imposición de sancións de carácter reinsertivo, acumuladas ás económicas e alternativas ou acumuladas ás doutro tipo. En particular, pódese establecer o desenvolvemento de accións de voluntariado en organizacións dedicadas a tarefas sociais relacionadas co obxecto da infracción e, especialmente, as implicadas na loita contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia.

**Artigo 37. Regras específicas para a graduación da responsabilidade disciplinaria deportiva e para a tramitación dos procedementos disciplinarios.**

1. As regras de determinación e extinción da responsabilidade e o procedemento de imposición das sancións disciplinarias deportivas previstas neste título serán as establecidas con carácter xeral no título XI da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, sen máis especificidades que as previstas neste artigo.

2. En todo caso, será causa de atenuación da responsabilidade por parte dos clubs e demais persoas responsables a colaboración na localización dos que causen as condutas prohibidas pola presente lei ou na atenuación das condutas violentas, racistas, xenófobas e intolerantes.

3. Os expedientes disciplinarios deberán ter unha duración máxima dun mes, prorrogable outro mes máis por causa xustificada, desde a súa incoación, xa sexa por iniciativa propia ou por requirimento da Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte. Transcorrido este prazo, a competencia para continuar a instrución e resolver corresponderalle ao Comité Español de Disciplina Deportiva.

4. As resolucións do Comité Español de Disciplina Deportiva ditadas en virtude do disposto no número anterior esgotarán a vía administrativa e contra elas unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. A Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte terá lexitimación activa para impugnar as resolucións federativas ante o Comité Español de Disciplina Deportiva, cando entenda que a resolución obxecto de recurso resulta contraria aos intereses públicos cuxa protección se lle confiou. Os órganos disciplinarios federativos notificaránlle á Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte as resolucións que diten no ámbito de aplicación deste título, co fin de que poida exercer esta función.

## TÍTULO IV

### Disposicións comúns aos títulos II e III

**Artigo 38. Concorrenza de procedementos penais, administrativos e disciplinarios.**

1. A incoación dun proceso penal non será obstáculo para a iniciación, de ser o caso, dun procedemento administrativo e disciplinario polos mesmos feitos, pero non se ditará resolución nestes mentres non se ditase sentenza ou auto de sobresemento firmes na causa penal.

En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que pon remate ao proceso penal vinculará a resolución que se dite nos procedementos admi-

nistrativo e disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poidan merecer nunha ou outra vía.

Só se poderá ditar sanción penal e administrativa e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houber identidade de fundamento xurídico.

2. Cando a unha mesma persoa física ou xurídica e con identidade de feitos lle resulten simultaneamente de aplicación sancións administrativas e disciplinarias previstas nos títulos segundo e terceiro desta lei, será de tramitación preferente o procedemento administrativo sancionador previsto no título segundo.

Cometido o feito infractor en que se poida producir concorrencia de responsabilidade administrativa e disciplinaria, o órgano competente para a instrución de cada un dos procedementos estará obrigado a inicialo e a notificarlle a incoación do expediente ao órgano recíproco, administrativo ou federativo, segundo o caso.

3. Cando un órgano federativo reciba a notificación de incoación dun expediente administrativo sancionador relativo a suxeitos e feitos idénticos aos que estean dando lugar á tramitación dun expediente disciplinario, suspenderá a tramitación do procedemento e notificaralle ao órgano administrativo que tramite o procedemento administrativo sancionador. Caso de que non exista identidade de suxeitos, feitos ou fundamentos xurídicos, poderá non obstante continuar a tramitación do procedemento.

4. Unha vez rematado o expediente administrativo sancionador, o órgano competente para resolvelo notificaralle o acordo resolutorio ao órgano disciplinario federativo que comunicou a suspensión do procedemento, que levantará a suspensión e adoptará un dos acordos seguintes:

a) A continuación do procedemento disciplinario, cando non exista identidade de fundamentos xurídicos para a imposición da sanción, ou cando, habéndoa, a sanción administrativa sexa inferior á que se poida impor como consecuencia do procedemento disciplinario.

b) O arquivo das actuacións, cando exista identidade de fundamentos xurídicos e a sanción administrativa sexa igual ou superior á que se poida impor como consecuencia do procedemento disciplinario.

5. No caso de que o órgano disciplinario decida continuar o procedemento sancionador por existir identidade de fundamentos xurídicos pero ser a infracción susceptible dunha sanción superior á administrativamente imposta, a resolución do expediente disciplinario reducirá a sanción aplicable na contía ou entidade que corresponda por aplicación da sanción administrativa previa, facendo constar expresamente a contía da redución na resolución do procedemento.

6. No caso de que se dite unha resolución xudicial que anule total ou parcialmente a sanción administrativa, o órgano que ditou esta última notificaralle ao órgano disciplinario federativo que no seu día lle comunicase a incoación do procedemento, co fin de que este proceda ao arquivo das actuacións, salvo que non exista identidade de fundamentos xurídicos entre a sanción administrativa anulada e a eventual sanción disciplinaria que se puiden impor, caso no cal se procederá conforme o disposto no número 4, letra a) deste artigo.

7. Os acordos adoptados polos órganos federativos por canto se refire aos puntos cuarto, quinto e sexto deste artigo son susceptibles de impugnación consonte o disposto no título XI da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

**Disposición adicional primeira. Desenvolvemento regulamentario.**

Autorízase o Goberno para *ditar as normas regulamentarias tanto nos supostos específicos* previstos nesta



lei e naqueloutros que sexan necesarios para a efectiva aplicación das previsións contidas nela, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas fixadas nos seus respectivos estatutos de autonomía.

Disposición adicional segunda. *Habilitacións regulamentarias ás entidades deportivas e normas de aplicación inmediata.*

1. No prazo de seis meses, as entidades deportivas ditarán as disposicións precisas para a adecuación dos seus regulamentos a esta lei. En canto que esta adaptación teña lugar, serán de directa aplicación desde a súa entrada en vigor os tipos de infracción e as sancións que esta lei recolle como mínimos indispoñibles, aínda cando non estean expresamente recollidos nas regulamentacións deportivas vixentes.

Transcorrido o prazo citado no parágrafo anterior, serán nulos de pleno dereito os preceptos contidos nos estatutos, regulamentos e demais normas federativas que conteñan algún mecanismo discriminatorio en función da nacionalidade ou orixe das persoas.

2. Tamén, as citadas entidades deberán modificar, no mesmo prazo previsto no número anterior, a súa normativa e eliminar calquera obstáculo ou restrición que impida ou dificulte a participación en actividades deportivas non profesionais dos estranxeiros que se encontren legalmente en España e das súas familias. Excepcionalmente, o Consello Superior de Deportes poderá dispor medidas de acción positiva baseadas en exixencias e necesidades derivadas do deporte de alto nivel e da súa función representativa de España.

3. A participación de estranxeiros na actividade deportiva profesional rexerá pola súa normativa específica.

Disposición adicional terceira. *Actualización das contías das multas.*

A contía das multas previstas nesta lei poderaa actualizar o Goberno por proposta dos titulares dos ministerios do Interior e de Educación e Ciencia, tendo en conta a variación do índice oficial de prezos de consumo.

Disposición adicional cuarta. *Información de resolucións ditadas nos expedientes sancionadores e disciplinarios.*

As autoridades gubernativas e as federacións deportivas notificaránlles á Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte e ao Rexistro Central de Sancións en materia de violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte, as resolucións que diten en aplicación dos preceptos recollidos nesta lei.

Disposición adicional quinta. *Modificación do artigo 32.2 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.*

O número 2 do artigo 32 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, queda redactado do seguinte xeito:

«2. Os estatutos das federacións deportivas españolas incluírán os sistemas de integración e representatividade das federacións de ámbito autonómico, segundo o establecido nas disposicións de desenvolvemento desta lei. Para estes efectos, a presidencia das federacións de ámbito autonómico formará parte das asembleas xerais das federacións deportivas españolas, desempeñando a representación daquelas.

En todo caso, para que as federacións de ámbito autonómico se poidan integrar nas federacións deportivas españolas ou, se for o caso, manter esa integración, deberán eliminar calquera obstáculo ou restrición que impida

ou dificulte a participación de estranxeiros que se encontren legalmente en España e das súas familias nas actividades deportivas non profesionais que organicen.»

Disposición adicional sexta. *Cooperación internacional.*

O Consello Superior de Deportes e o Ministerio do Interior, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, promoverán novas actuacións para fomentar e artellar procedementos de colaboración cos organismos internacionais competentes na materia.

Disposición adicional sétima. *Instalación de videocámaras e gravación de imaxes.*

A instalación dos dispositivos de videovixilancia a que se refiren os artigos 4 e 12 desta lei, así como o tratamento das imaxes resultantes da utilización destes dispositivos, están sometidos ao disposto na Lei orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguranza en lugares públicos.

As imaxes captadas por estes dispositivos trátaranse unicamente o coordinador de seguranza, que llelas transmitirá ás forzas e aos corpos de seguranza ou ás autoridades competentes unicamente en caso de se apreciar nelas a existencia dalgunha das condutas previstas nos números primeiro e segundo do artigo 2 desta lei, co fin de que se incorporen ao procedemento xudicial ou administrativo correspondente.

Para o exercicio das potestades previstas nas letras b) e d) do artigo 12.1 desta lei, a Delegación do Goberno solicitará o informe previo da Comisión Estatal contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, acerca da proporcionalidade e idoneidade do establecemento desta medida.

Disposición adicional oitava. *Delimitación de competencias.*

Terán a consideración de autoridades, para os efectos desta lei, as correspondentes das comunidades autónomas con competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da seguranza cidadá, conforme o disposto nos correspondentes estatutos e nas leis orgánicas das forzas e corpos da seguranza e de protección da seguranza cidadá, e poderán impor as sancións e demais medidas determinadas nesta lei nas materias sobre as cales teñan competencia.

En todo caso, a vixente lei será de aplicación respectando as competencias que as comunidades autónomas poidan ter no ámbito do deporte e, especificamente, sobre a regulación en materia de prevención da violencia nos espectáculos públicos deportivos. Pola súa vez, a aplicación das medidas de seguranza previstas nesta lei executarase respectando as competencias en materia de seguranza pública conferidas ás comunidades autónomas, de conformidade co disposto na normativa de forzas e corpos de seguranza.

Disposición adicional novena. *Remisións normativas.*

As referencias realizadas en calquera norma ás disposicións sobre prevención da violencia nos espectáculos deportivos contidas na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, entenderanse referidas, en todo caso, ás disposicións desta lei.

Disposición adicional décima. *Modificacións lexislativas sobre responsabilidade civil.*

O Goberno remitiralles, no prazo dun ano, ás Cortes Xerais, os proxectos de lei ou de modificación das leis xa existentes que conveñan para regular de modo específico

a responsabilidade civil no ámbito propio do deporte e dos espectáculos deportivos, así como o seu aseguramento e a conseguinte repercusión no sistema de compensación de seguros.

Disposición transitoria única. *Réxime orgánico ata a creación da Comisión contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte.*

A actual Comisión Nacional para a Prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos exercerá todas as súas funcións ata a creación e efectiva posta en funcionamento da Comisión contra a Violencia, o Racismo, a Xenofobia e a Intolerancia no Deporte, prevista nesta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de determinados preceptos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.*

1. Quedan derogados os seguintes artigos e puntos da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte:

Artigos 60 ao 69.  
Artigo 76.1, alíneas e), g) e h).  
Artigo 76.2, alínea g).

2. Quedan derogados, tamén, todos os preceptos de normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro dos títulos competenciais que lle corresponden ao Estado en relación coa organización do deporte federado estatal no seu conxunto e, así mesmo, do artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, excepto a disposición adicional sexta que se dita ao amparo do artigo 149.1.3.<sup>a</sup> da Constitución. Todo iso sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas polos seus estatutos de autonomía en materia de deporte.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**13409** LEI 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo. («BOE» 166, do 12-7-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

O traballo autónomo veuse configurando tradicionalmente dentro dun marco de relacións xurídicas propio do dereito privado, polo que as súas referencias normativas

se encontran dispersas ao longo de todo o ordenamento xurídico.

Neste sentido, a Constitución, sen facer unha referencia expresa ao traballo por conta propia, recolle nalgúns dos seus preceptos dereitos aplicables aos traballadores autónomos. Así, o artigo 38 da Constitución reconece a liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado; o artigo 35, no seu punto 1, reconece para todos os españois o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo; o artigo 40, no seu punto 2, establece que os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e a readaptación profesionais, velarán pola seguraza e hixiene no traballo e garantirán o descanso necesario mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros axeitados; finalmente, o artigo 41 encoméndalles aos poderes públicos o mantemento dun réxime público de seguraza social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade.

Estas referencias constitucionais non teñen por que se circunscribir ao traballo por conta allea, pois a propia Constitución así o determina cando se emprega o termo «españois» no artigo 35 ou o de «cidadáns» no artigo 41, ou cando lles encomenda aos poderes públicos a execución de determinadas políticas, artigo 40, sen precisar que os seus destinatarios deban ser exclusivamente os traballadores por conta allea.

No ámbito social podemos destacar, en materia de seguraza social, normas como a Lei xeral da Seguridade Social, o artigo 25.1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, referido ás traballadoras por conta propia que sexan vítimas da violencia de xénero, o Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, que regula o réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, e outras disposicións de desenvolvemento. En materia de prevención de riscos laborais haise que referir á Lei de prevención de riscos laborais e ao Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguraza e saúde nas obras de construción, así como outras disposicións de desenvolvemento.

A Unión Europea, pola súa parte, tratou o traballo autónomo en instrumentos normativos tales como a Directiva 86/613/CEE do Consello, do 11 de decembro de 1986, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exerzan unha actividade autónoma, incluídas as actividades agrícolas, así como sobre a protección da maternidade, que dá unha definición de traballador autónomo no seu artigo 2.a), ou na Recomendación do Consello do 18 de febreiro de 2003 relativa á mellora da protección da saúde e da seguraza no traballo dos traballadores autónomos.

O dereito comparado dos países do noso contorno non dispón de exemplos sobre unha regulación do traballo autónomo como tal. Nos países da Unión Europea sucede o mesmo ca en España: as referencias á figura do traballador autónomo encóntranse dispersas por toda a lexislación social, especialmente a lexislación de seguraza social e de prevención de riscos. Neste sentido, cabe resaltar a importancia que ten este proxecto de lei, pois trátase do primeiro exemplo de regulación sistemática e unitaria do traballo autónomo na Unión Europea, o que sen dúbida constitúe un fito no noso ordenamento xurídico.

Trátase dunha lei que regulará o traballo autónomo, sen interferir noutros ámbitos do noso tecido produtivo, como o sector agrario, que conta coa súa propia regulación e as súas propias canles de representación.